

# andaina



# andaina 39

## SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentarios
- 7 Hemeroteca. Literatura: Lendo a Rosalía
- 9 Declaración de Compostela
- 14 A imaxe masculina na publicidade impresa
- 17 Por un futuro mellor
- 18 A situación da muller inmigrante en Galicia
- [Entrevista] 23 Rosa Isela Serrano
- 29 A medicalización da vida cotiá
- 32 A comunicación feminina e o mundo laboral
- 40 Si, quero
- 42 Helena vs. Helena
- 50 As lembranzas de Carmen
- [Libros] 52 Las muertas de Juárez.  
Crónica de una larga pesadilla
- 56 Hay algo que no es como me dicen.  
El caso de Nevenka Fernández contra la realidad

Revista Galega de  
Pensamento Feminista

Outono, 2004

Apdo. 1058  
Santiago de Compostela

[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

### CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,  
Berta Rey, Milagros Becerra,  
Felicía Estévez, Laura Gómez e  
Ana Luisa Bouza

### COLABORAN NESTE NÚMERO

Áurea Sánchez, M.ª Olga Fontán,  
Isabel Quintáns, Celia Balboa,  
Carmen Carrazoni, Elvira Perpinyà,  
Lola García, Neves Navas,  
Sus Cubells, Roser Casas,  
Mercedes Bengoechea, Laura Gómez,  
Ana Fraga, Anna Amorós,  
Raquel Barreiro e NSC

DESEÑO GRÁFICO  
CEBRA

IMPRIME  
Grafisant, S. L.  
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente  
coas opinións dos artigos que aparecen  
nesta revista

# EDITORIAL

**Algunhas das últimas propostas legislativas que atinxen as relacións dentro do ámbito familiar, como a lei integral contra a violencia de xénero, a reforma das leis que regulan o divorcio, e mesmo a modificación do dereito civil que permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, recollen temas e reivindicacións que o feminismo leva debatendo desde hai tempo. Tanto o máis evidente, a loita contra a violencia de xénero, machista ou doméstica (aínda non está claro cal das denominacións pode ser a máis axustada) como as modificacións que eliminan as causas e por tanto os culpábeis nun divorcio, que reducen os tempos de espera sempre excesivos cando se trata de dar fin a unha relación afectiva ou o recoñecemento dos mesmos dereitos a todas as parellas con independencia da opción sexual que manteñan. A lei só dá unha confirmación oficial, ao que aconteceu sempre antes e supón a aceptación da vella máxima feminista de que o *privado* tamén é cuestión *pública*.**

Estas leis recollen aspectos reclamados dese hai tempo polos diferentes grupos e sentires feministas. Así pois en principio deberíamos felicitarnos de que estes temas teñan un recoñecemento público, pero cada avance trae tamén consigo unha contradición e unha nova inqueda. A lei contra a violencia de xénero dáunos un plus de protección legal as mulleres que contribúe a propagar a

visión de vítimas, precisadas de axuda, vulnerábeis... e un plus de castigo aos homes que exercen a violencia contra as mulleres aínda que iso non supoña un freo para esta violencia nin unha maior conciencia social do problema. As leis que regulan o matrimonio e o divorcio deixan sen recoñecer os mesmos dereitos a todas aquelas persoas que non queren formalizar a súa relación ou que manteñen outro tipo de relacións: por que non se poden beneficiar dos mesmos dereitos dous irmáns que convivan, ou unha nai e un fillo, ou dúas amigas? O dereito individual á cidadanía dilúese dentro

a reclamar das leis as solucións, a confundir o recoñecemento dun dereito co disfrute dese dereito na realidade. Estas novas propostas legislativas conseguen dar unha visibilidade maior a problemas e discriminacións que se dan entre as persoas, pero non son unha solución aos problemas nin eliminan as discriminacións. Nin estas, nin ningunha lei, e mesmo ás veces os poden complicar máis, os cambios nas mentalidades e nos comportamentos non se poden impoñer por decreto, é preciso un traballo continuado de reeducación nos valores que están detrás dos comportamentos duns




deste concepto de matrimonio formalizado...

As leis marcan unhas normas de convivencia e está ben que existan e se revisen para acomodalas aos cambios sociais, pero hai ás veces unha tendencia excesiva

e outras para que os cambios sexan asumidos pola maioría social, daquela igual xa non farían falta tantas leis. ☒

## A FRIVOLIDADE DAS MINISTRAS

*Vogue* e *Marie Claire*, serviron a polémica do final do verán, coas fotos das ministras posando con modelos de firmas españolas. O PP situouse á cabeza das críticas cualificándoo de escándalo e houbo tamén algunhas voces feministas que se lamentaron de que as fotos contribuísen a dar unha imaxe frívola da muller preocupada en exceso pola aparencia... é dicir que iso de que o 50% feminino do Goberno pose para revistas de moda aínda que na reportaxe falen dos seus retos políticos como ministras e mulleres... é, cando menos, unha frivolidade. E as portadas de Ana Botella en *Hola*, ou a reportaxe de Álvarez Cascos para unha revista de motor falando do seu coche ou mesmo o de Ibarretxe nunha de viaxes falando das súas vacacións... que son?, de interese público tal vez? 



## WANGARI MAATHAI


A ecoloxista keniana Wangari Maathai, viceministra de Medio Ambiente do seu país, recibe o Nobel da Paz do 2004 pola súa contribución ao desenvolvemento sostíbel, á democracia e á paz.

O comunicado do Comité do Nobel sinala que Maathai combina a ciencia, o compromiso social e a política activa, servindo de inspiración para moitos na loita polos dereitos democráticos. Máis que simplemente protexer o ambiente existente, a súa estratexia é asegurar e fornecer a base do desenvolvemento ecoloxicamente sostíbel.

Wangari Maathai é fundadora do Movemento Cinturón Verde, programa que data de 1977 e que combina o desenvolvemento comunitario e protección ambiental, propagando entre os miles de mulleres kenianas que viven na pobreza a idea de que plantar árbores mellorará as súas vidas e as da súa descendencia. Co seu programa ten conseguido xa

plantar 30 millóns de árbores e creado 5000 garderías. As actividades do Cinturón Verde destacan polos seus apoios á educación, á planificación familiar, á nutrición e á loita contra a corrupción. Os métodos do Cinturón verde son recoñecidos como os máis exitosos do mundo, polo que foron adoptados tamén por outros países.

Defensora da condonación da débeda externa do Terceiro Mundo, Maathai foi unha firme opositora ao réxime ditatorial de Daniel Arap Moi, o que lle custou ser detida en diversas ocasións. En 1996 intentou ser presidenta de Kenia, pero ao final o seu partido cedeu as presións do poder político e retirou a súa candidatura.

En 1980 o seu home, antigo parlamentario, pediu o divorcio por «non soportar estar unido a unha muller tan lista, tan famosa, tan forte e que ademais controla demasiadas cousas». 



## COUSAS DE MÁIS PRETO

Aquí no noso pequeno mundo de caciques e caciquiños, o alcalde de Toques, Jesús Ares Vázquez, insiste en seguir no seu cargo despois de que no pasado outubro a Audiencia de A Coruña desestimase o seu recurso de apelación e ratificase en todos os puntos a sentenza do Xulgado do Penal de A Coruña que deu por probado o delicto de abusos sexuais a unha menor en xaneiro de 2001. De menudencia, cualificou o presidente Fraga eses feitos ante o balbordo que se ocasionou co motivo do xuízo, unha menudencia de abusos comparado co 64% dos votos que sacou o PP nas últimas eleccións municipais en Toques con Jesús Ares á cabeza, e iso que xa estaba incurso nun proceso xudicial polo que o fiscal lle pedía dous anos de cárcere por un delicto de abusos a unha menor. Tralo xuízo o alcalde abandonou o Partido Popular pero non o seu posto, desde onde governa sen que ninguén lle faga sombra desde hai máis de vinte anos... e aí segue, e segue, como as pilas.

E outro rexedor municipal que tamén repite desde hai anos, Armando Blanco Martínez, alcalde de Teo, recibiu o pasado 24 de outubro o título de doutor «Honoris Causa» da Interamerican University polo seu labor de «benefactor social». Esta nova distinción unírase a outras anteriores recibidas por don Armando como a de Insignia de Ouro da Festa da Carne ao Caldeiro; Porco de Prata das festas parroquiais de Teo ou Folla de Prata en Cambados, que non en van o concello de Teo e o seu alcalde, destacan na comarca á hora de organizar cuchipandas para veciños e achegados. A entidade que galardoou a Blanco Martínez nun solemne acto en San Martín Pinario, a maiores de conceder títulos de dubidosa fiabilidade,

xestiona unha teletienda que vende por correo regalos para executivos, maquinillas de barbear ou artigos de hixiene aos que se pode acceder desde a súa páxina web. A filial española da Interamerican University é una academia de informática de Zaragoza. ☞



## NOVEL DE LITERATURA


E outro dos Novel máis esperados, o de Literatura, recaeu tamén sobre unha muller, a escritora austríaca Elfriede Jelinek. Cualificada nos medios como feminista radical, segundo a mesma galardoada dixo nunha entrevista ao xornal *El País*, un dos temas máis importantes para ela son «os valores patriarcais, o fálico na cultura, o dominio dos homes. Na casa, o dominio da muller pode ser tamén opresor. Pero os códigos de valores están feitos por homes»... Sen pelos na lingua tampouco para cualificar de nazi á ultradereita do seu país cando entrou no goberno no ano 2000 en coalición cos conservadores, e para opinar que os estados da Unión Europea tiñan a obriga de illar a Austria por ter a ultradereita gobernando... Interesantes opinións, pero mellor estará ler a súa obra, moi pouco coñecida por estes lares, agás pola película *La pianista* baseada nunha das súas novelas. A película, por certo, tamén merecería un comentario en *Andaina*, alguén se anima? ☞

Exposición que vai percorrer diversas cidades e comezou en Santiago o día 3 de Novembro no Auditorio de Galicia. Un paseo polas portadas da revista, que ela mesma vos presenta:

Hai que ver como pasa o tempo!..., a penas doce páxinas tiña eu cando saín por primeira vez a rúa en xaneiro de 1983, e nin para grampas tiñan as miñas nais, pero ben chula que era!, ánimos e cousas que dicir non me faltaban!... Fun das primeiras revistas feministas en galego, e hoxe tamén podo dicir que a de máis longa traxectoria... Vamos, que me puxeron na rúa co obxectivo de: difundir e animar o debate entorno ás posicións e teorías feministas existentes, á vez que denunciar as situacións de violencia e discriminación que acontecen ás mulleres... e número a número, xa pasei dos vinte anos!

Na primeira xeira, saquei 24 números, o último en xuño de 1991. Neses anos medrei de páxinas e colaboracións, e tamén mudei diversas veces de cara para resultar máis atractiva...

En decembro de 1991 renoveime e comecei a contar os números desde o 1, co subtítulo de «revista galega de pensamento feminista». Foi daquela cando a miña cabeceira, admirada do guapa que quedara a revista, volteou unha das letras... e aínda segue comigo a admiración na versión de agora...

Conseguir que haxa quen me regale tempo e dedicación para seguir saíndo, buscar en cada número quen me conte cousas interesantes, arriscarme con opinións e temas, moitas veces a contracorrente das posicións maioritarias nos medios, nas institucións ou no propio feminismo, sobrevivir sen case publicidade nin subvencións... e ademais estar guapa e coidada, require, máis que calquera outra cousa, o convencemento de que o esforzo merece a pena. 

# 20 anos de feminismo impreso



# Hemeroteca andaina



**Andaina, núm. 8,**  
**primeira época**  
[novembro-decembro 1985]

**Literatura- Lendo a Rosalía**

ENCARNA OTERO

Neste centenario do pasamento da escritora galega, Rosalía, celebrado con congresos, publicacións de libros, revistas, etc. unha idea fundamental estase a espallar, consecuencia da análise fonda da súa obra: Rosalía está viva, máis que nunca, só hai que descubrir a mensaxe escrita, descoñecida aínda hoxe desta muller comprometida coa súa realidade, Galiza, nación asoballada, e as mulleres, sexo oprimido. Os seus escritos xiran arredor destes dous alicerces fundamentais, e por iso van ser manipulados, silenciados.

Agora máis que nunca, cómpre aproximarse a obra rosaliana para tentar albiscala tal como ela a escribiu.

Esta será a *leitura* que tentarei facer, dunha das súas novelas, quizais máis esclarecedoras, sobre a situación das mulleres na súa época o século XIX, deixando para outro estudio completamente distinto: a práctica máis ou menos feminista de Rosalía no seu tempo, esta novela de *El caballero de las botas azules* permite unha lectura feminista. A descrición que Rosalía fai, a través do personaxe central do libro, ese misterioso duque de la Gloria, «Caballero de las botas azules» que aparece e desaparece dos salóns da alta fidalguía madrileña ou dos barrios populares, Corredera del Perro, da súa alineación, da súa función ornamental, da cosificación en que a sociedade ten a todas as mulleres polo feito de selo.

«Deberes que ocupan la existencia entera de las mujeres de la alta sociedad en la civilizada Europa: el piano, el dibujo, los paseos, las visitas, los bailes, el teatro» (O. Cit., páx. 189).

O seu compromiso como muller escritora, e a lucidez da análise aparece neste parágrafo:

Tantas criaturas devoradas por la miseria y el trabajo, tantas otras devoradas por el fastidio y el ocio... Es una terrible calamidad y en vano se habla de adelantos, de progresos; las mujeres siguen atormentadas: las unas teniendo que hacerlo todo, que trabajar para sí y para los demás; las otras, haciéndose vestir y desnudar la mitad del día... (páx. 190).

Fai neste parágrafo Rosalía tamén unha nidia diferenza entre as mulleres segundo a clase social da que forman parte, as súas funcións non son as mesmas.

Tenta tamén de albiscar a grande mentira e trampa do amor, a través do matrimonio, especie de cadea á que a muller queda suxeita de por vida:

Los hombres se casan muchas veces: se casan con la toga, con la política, con las ciencias, con la cartera de ministro, mientras que las mujeres sólo se casan una vez en la vida... y parece que tras de las blancas cortinas que

ocultan el lecho nupcial debe hallarse escondida una sombra (páx. 192-3).

Precursora en certa maneira das ideas liberadoras para a muller co traballo e a instrución e coñecedora con seguranza, do socialismo utópico e da obra de Flora Tristan, Rosalía fai neste libro, unha louvanza constante do traballo como elemento de redención para rachar coa escravitude da muller.

No trabajan sus papás, pues trabajen ustedes también señoritas y déjense de esas apariencias de riqueza que ocultan una miseria vergonzosa y un orgullo tan ridículo como inútil (páx. 193).

Como único camiño para saír desta *negra sombra* en que as mulleres viven pola súa situación de oprimidas, Rosalía nas derradeiras follas da novela sinala:

Será pues forzoso que os devuelva la libertad, más no sin deciros que la mujer, así en Oriente como era Occidente, así en la civilizada Europa como e los países salvajes, solo podrá vencer sabiendo resistir... (páx. 293).

Resistencia, conquista de liberdade hoxe, aquí, nesta Galiza asoballada. A mellor fidelidade que lle podemos dar a Rosalía as mulleres desta nosa nación galega é xa non só resistir, senón loitar xuntas como mulleres pola conquista dos nosos dereitos, o feminismo é a nosa estrela de alba que brilla ao lonxe. [6]

### Bibliografía empregada:

CASTRO, Rosalía de: *El caballero de las botas azules*, Madrid, Maxisterio Español (ed. N. y C. núm. 138), 1973.

VARIAS AUTORAS: *Festa da palabra silenciada* (Vigo), núm. 2 (marzo, 1985).

VARIAS/OS AUTORAS/ES: *Rosalía de Castro, unha obra non asumida*, A Coruña, Xistral (Col. Alexandre Bóveda), 1985.

TRISTÁN, Flora: *Unión Obrera*, Barcelona, Fontamara, 1977.

## Servicio de Asesoramento das Mulleres

### ■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellería da Muller





ÁUREA SÁNCHEZ

A xornada de debate celebrada o 16 de outubro en Santiago para analizar a violencia contra as mulleres nos medios de comunicación rematou coa aprobación da chamada **Declaración de Compostela**. Un documento de once puntos que veñen a ser OS ONCE MANDAMENTOS para xornalistas de cómo afrontar o relato das crónicas dos malos tratos.

Igual que no decálogo aprobado coa mesma fin polo Instituto Balear de la Dona, pídese que deixemos de tratar con ambigüidade ou neutralidade estes casos de violencia de xénero; que non amparemos o agresor e que indagemos para divulgar casos nos que a vítima conseguiu librarse dos malos tratos para que o exemplo positivo sirva a mulleres que están a

sufrir a mesma situación. No punto nove da Declaración de Compostela dise ás e aos xornalistas que hai que desbotar os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.

A xeito de resumo, o director do Observatorio Galego dos Medios, Luís Álvarez Pousa, dixo «falamos dos malos tratos para acabar con

# Violencia contra as mulleres **Declaración de Compostela**

eles»; frase que recuperaría o decano do Colexio de Xornalistas, Xosé Manuel Vega, para recordar a necesaria implicación dos informadores na erradicación deste problema social.

### **Violencia invisible**

Isabel Menéndez Menéndez, licenciada en Ciencias da Información e consultora de xénero falou dos «Ámbitos de relación e conflito no caso da violencia contra as mulleres» utilizando casos de violencia simbólica.

Recordou o caso de Ana Orantes, a muller que apareceu nun espazo televisivo de testemuñas para dicir que o seu ex-marido a quería matar, como así ocorreu. Ana Orantes fixo que a violencia contra a muller se convertise en tema de debate nos espazos televisivos ate o abuso, asegurou.

A ponente preguntouse se está a prensa xeral preparada para falar de valores con outros esquemas e engadiu ao respecto que transmite unha realidade invisible. Nesa realidade invisible é onde se agocha a violencia de xénero.

Lembrou que o poder que se lle otorga aos medios é so un poder de persuasión e que estes non mudan o xeito de pensar da xente.

Profundando sobre a retroalimentación e a responsabilidade social dos medios de comunicación fixo esta afirmación: «quero pensar que a persoa que decidiu incluila (a Ana Orantes) na tertulia estaba provocando ao agresor».

Ana Orantes, hai que recordalo, morreu queimada con gasolina a mans do seu ex-marido logo de aparecer na televisión dicindo que

fora agredida durante décadas no seu fogar.

Isabel Menéndez dixo que hai actitudes xornalísticas resistentes ao cambio e que hai que ter unha posición crítica fronte á rutina profesional. A quen lle importa a afirmación de «era un home normal», testemuño que tantas veces se expón para falarnos do agresor?, preguntouse.

Entre o público esperando a súa intervención para falaren de cómo reciben información directa sobre o maltrato estaban representantes de asociacións como Carmen Esperante, presidenta da Asociación Liberanza; Ángeles Martínez, coordinadora de Mulleres contra a Violencia, Ovarias; María Dolores Ferreira, supervisora de Urgencias de Enfermería no Complexo Hospitalario Xeral Cíes; Begoña Rodríguez, garda civil, adscrita ao equipo EMUME da Garda Civil da Coruña e Sandra Fernández, membro do Grupo de Violencia Intrafamiliar da Comisaría de Vigo da Policía Autonómica.

### **Definición de muller**

A ponencia de Pilar López Díez, doutora en Ciencias da Información e formadora e investigadora en xénero e comunicación, versou sobre «A percepción social da violencia contra as mulleres a través dos medios de comunicación».

Botou man de Menting (1435-1494) para redefinir a vanidade feita muller ao longo do tempo. Asegurou que o espello que a moza da pintura de Menting sostén na man serve para facer da rapaza un espectáculo para quen mire a obra do pintor.

Igual ocorreu –dixo– coa personificación por parte deste mesmo autor da luxuria nun corpo feminino.

Onde está a liberdade de expresión para as mulleres? Preguntouse a ponente. E logo asegurou que en aras da liberdade de expresión se están cometendo auténticas aberracións.

### **Os malos tratos na axenda política**

Para Pilar López, os malos tratos non entraron na escaleta dos telediarios ata que figuraron na axenda política. Os temas persoais pasaron a ser políticos desde que Ana Orantes aparece en televisión en decembro de 1997 para dicir que o seu ex-marido a maltratara e que quería matala.

Igual que Isabel Menéndez, Pilar López dixo dubidar de que as persoas que fan opinión nos medios de comunicación sexan as axeitadas e convencidas sobre cómo hai que cambiar a información e a percepción dos temas sociais.

Momentos despois, e no mesmo escenario, o único home ponente da xornada, Manuel Lopo, coordinador do programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia e psicólogo do programa *Abrámo-lo círculo*, diría: «Onde están os homes?», insinuando que era conveniente que estivesen escoitando o discurso por considerar que tamén vai con eles o debate dos malos tratos.

Pilar López referiuse aos agresores invisibles e dixo que é máis importante a súa identificación nas noticias que o comportamento que tiveron ata que cometeron os delitos que se lles imputa. «Presunto, si, pero desenmascarado», recomendou.



## O programa

O programa sobre Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres, organizado polo Colexio de Xornalistas de Galicia e o Observatorio Galego dos Medios contou con participantes de varios sectores: asociacións de mulleres, directoras de casas de acollida, mulleres da Garda Civil, da Policía Autonómica, avogadas, psicólogas e profesoras de universidade. Pero unha das intervencións máis esperadas foi a da xuíza Isabel Durán-tez Gil.

Dixo que hai só cinco anos a violencia de xénero estaba relegada á crónica negra. Asegurou que se sorprendeu de que non baixase o número de denuncias e casos de morte, logo de endurecer no Código Penal as penas contra os agresores. Dixo que, polo contrario, as denuncias aumentaron un trinta por cento.

Animou a xornalistas, fiscais e forzas de seguridade a seguir co traballo coa sensibilidade que se está demostrando, pero advertiu que é necesario unha educación diferente para que a mocidade non caia no mesmo problema. Foi esta xuíza a que asegurou tamén que os agresores exercen xa a violencia contra ás súas parellas antes de casar e que estes episodios pasan desapercibidos.

Tamén dixo Isabel Durán-tez que o 81 por cento dos agresores foron testemuñas ou vítimas da violencia nas súas familias.

A súa aportación aínda foi máis importante desde o punto de vista dos medios de comunicación cando dixo que se están tomando me-

didias desde o poder xudicial para a cohabitación entre o dereito a información coa Lei de Enxuizamento Xudicial. Sobre este punto asegurou que é posible conciliar o dereito á defensa do acusado coa a liberdade de información dos datos que se poidan coñecer sen interferir na investigación.

Lembrou esa dobre penalización da muller agredida ao ter que revivir nas declaracións xudiciais e na vista oral a violencia exercida contra ela.

## Medios de comunicación

A mesa sobre os medios de comunicación contou cunha exposición de Carme Hermida, profesora de Galego da Universidade de Santiago, sobre o tratamento informativo dos malos tratos a mulleres na prensa dos anos vinte. Demostrou con copias de prensa daquela década que os malos tratos se daban a coñecer entón e que eran tratados co rigor informativo propio da época.

## Prostitución

A intervención de Ana Míguez, presidenta da asociación Alecrín, foi a máis dramática ao relatar a que chamou «a máis invisible das violencias contra a muller: a prostitución». Denunciou que se permita esta forma de explotación que leva consigo o tráfico de persoas.

«En Galicia, dixo, hai 400 clubs de alterne nos que traballan 10.000 mulleres; o 95 por cento delas son inmigrantes, pobres e ilegais».

## DECLARACIÓN DE COMPOSTELA

### *As razóns de partida*

A ininterrompida sucesión de casos de violencia contra as mulleres –violencia de xénero– representa hoxe en día un problema social de primeira orde, polo que se fai imprescindible activar todos os recursos propios dun estado de dereito para atallalo. Evitar a aparición de novas vítimas, involucrando a cantos teñen a obriga constitucional e institucional de previlo, e provocar o rexeitamento social de calquera das variantes delitivas que este tipo de violencia está producindo, son os obxectivos máis urxentes nesa dirección. Sen esquecer todo o que educativa e culturalmente presupón unha viraxe en toda regra respecto dos valores que viñeron alimentando o que en boa medida está no cerne dese problema social, a priorización histórica do rol masculino sobre o feminino.

Os medios de comunicación xogan en todo iso un papel decisivo, non só como garantes do dereito da cidadanía a recibir unha información veraz, tamén como provedores daqueles valores (igualdade, non discriminación por razóns de sexo, solidariedade coas vítimas...) que máis e mellor contribúan a conseguir eses obxectivos. Que estean hoxe en día nas axendas sociais e mediáticas débese sen dúbida á loita reivindicativa que desde hai moitos anos veu levando a cabo o movemento asociativo de mulleres, e tamén aos numerosos traballos de teorización sobre xénero que xa constitúen un corpo de doutrina imprescindible para abordar con enfoque interdisciplinar esta problemática.

Non obstante, a cobertura informativa que se lle vén prestando a este tipo de violencia non sempre é a máis axeitada nesa dirección. Polo contrario, nesas informacións téñense detectado eivas que revisten unha enorme gravi-

dade, entre as que hai que subliñar a que se deriva dos procedementos que ignoran ou subestiman o dereito á intimidade persoal e familiar das vítimas, e que por iso mesmo urxe eliminar.

Conscientes da necesidade de establecer un compromiso público a prol dun asinado tratamento informativo dos actos de violencia de xénero, e facéndose eco da preocupación que teñen amosado diversos colectivos sociais e profesionais ao respecto, os participantes na Xornada que sobre Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres se desenvolveu no Instituto Galego da Información, convocados polo Observatorio Galego dos Medios (OM), creado ao amparo do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), decidiron asumir e levar á práctica as recomendacións contidas nesta

### Declaración de Compostela

1. A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.

2. Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.

3. Medios e xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.

4. Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.

5. Medios e xornalistas afrontarán informativamente estes casos

como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados da crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques informativos destinados aos sucesos.

6. Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo –tanto no tratamento do texto como das imaxes–, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos «reality shows», dos programas de sucesos ou das series de ficción.

7. Respetar o dereito á intimidade e a dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar sen antes obter o seu consentimento, respetando en todo caso o seu dereito a non facilitar a información que se lles demande.

8. Para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).

9. Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asis-

tencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.

10. Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen –casas de acollida, asesoramento psicolóxico, trámites xudiciais, axudas da administración...– para afrontaren a súa situación con garantías e así conseguir superala.


11. Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuízos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres:

► Os malos tratos non son froito dun «feito pasional», son un delito.

► Os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais; non se producen exclusivamente entre as clases marxinais.

► A vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice.

► O agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciumes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que puidese asegurarlle a impunidad.

► A linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, polo que é imperativo desbotala dos relatos xornalísticos. 

Compostela,  
16 de outubro do 2004

# A imaxe masculina na publicidade

 M.<sup>a</sup> OLGA FONTÁN MAQUIEIRA\*

No século XXI é innegable o gran poder que a imaxe exerce sobre a sociedade. Un poder que se manifesta día a día a través das miles de imaxes que recibimos dos distintos medios de comunicación: prensa, revistas, carteis, televisión, cine... e que interpretamos e asimilamos cada un de xeito diferente. En moitas ocasións de forma consciente e, noutras moitas, inconsciente.

O maior problema deste incessante bombardeo de imaxes, non son elas en si, senón a interpretación que as persoas poidan facer das mesmas. O saber descifrar e entender o que todas estas iconografías nos queren dicir non é tarefa doada. Precísase utilízalas de maneira sensata e coherente coa nosa forma de vivir. Debemos ter claro que toda a información que recibimos inflúe dalgunha manei-

ra nas nosas vidas, e á inversa, a propia sociedade repercute no tipo de imaxes que se utilizan en publicidade, televisión, cine... É unha relación recíproca.

Nas aulas dos colexios, institutos e universidades fórmulase o problema de ensinar o alumnado

---

\* Doctora en Publicidade e RR. PP. pola UdV. Servimav (USC).



Foto 1



Foto 2

# de impresa

[...] todo dentro dunha imaxe que,  
como sempre se di, vale máis ca  
mil palabras

a ler as imaxes, a interpretar o que din e o que transmiten. Un tipo de vida, uns roles familiares, un tipo de relacións sociais, unhas modas, uns modelos de homes e mulleres... todo dentro dunha imaxe que, como sempre se di, vale máis ca mil palabras.

Xeralmente nas análises que se fan da publicidade impresa, realizáronse moitas que estudian o papel da muller nas imaxes, pero é

máis difícil encontrar traballos que estudien o significado da imaxe masculina. A través dunha serie de imaxes publicitarias de prensa actuais aproximáronos aos novos modelos de home que nos amosa o mundo da publicidade, arquetipos de home concretos, corpos masculinos que se amosan, que están, que viven aquí entre nós.

Dende un home xove, fisicamente atractivo, seductor, sumer-

xido nun contexto xeográfico facilmente recoñecible: un país cálido, latino, con moita luminosidade, un país como a mesma Cuba... unha cidade como La Habana; unha arquitectura que se desvela como fondo da imaxe, unha vestimenta do protagonista sen equívocos (foto 1). Formas cadradas, moi masculinas, compoñen esta imaxe misturándose coas formas redondeadas, harmonicamente femininas. Xógase co efecto dos contrarios ou máis ben da complementariedade: o masculino e o feminino, o branco e o negro, o positivo e o negativo, o ceo e a terra... Mentres un ángulo lixeiramente contrapicado engrandece o personaxe destacando a súa presenza e dirixindo a mirada do público cara a el.

No segundo caso (foto 2) trátase dunha imaxe de corte tamén cadrado. A postura é moi sensual, un torso semiespido, unha fermosa

[...] nas análises que se fan da publicidade impresa, realizáronse moitas que estudian o papel da muller nas imaxes, pero é máis difícil encontrar traballos que estudien o significado da imaxe masculina [...]



Foto 3



Foto 4

parte do corpo que é a máis empregada na publicidade masculina. O ángulo lixeiramente contrapicado ensalza a imaxe, e súa situación no centro sen máis obxectos ao redor dela, fai que a mirada se dirixa cara ao mesmo protagonista. A súa postura, e ao mesmo tempo a cor vermella utilizada no frasco, fálanos dun home pasional, xove, guapo e irresistiblemente atractivo. Home concreto, corpo nominativo, parte íntima persoal con nome propio.

A ambientación deste terceiro exemplo achéganos ao home aventureiro (foto 3) a través dun anuncio centrado basicamente no aspecto deportivo, en concreto nun

championato de *snowboard*. Este é un deporte elitista, practicado polas clases sociais con maior poder adquisitivo, xa que ten un elevado custo. Ofrécenos unha imaxe dun prototipo de home de clase media, cun tipo de moda concreto, deportista, aventureiro, competidor, triunfador e, cunha posición económica alta que lle permite viaxar, neste caso, a estacións de esquí.

A imaxe dun home xove ilustra este anuncio de roupa xuvenil (foto 4). Preséntase unha moda de roupa para xoves urbanos, modernos, desenfadados, que buscan a comodidade ademais da elegancia. Na imaxe apréciase a situación do personaxe na rúa dunha cidade cal-

quera, unha cidade chea de rebumbio de xentes, coches, e moitas presas... Unha imaxe que fala dun xove independente, con personalidade, triunfador e cosmopolita.

En xeral, a publicidade utiliza a imaxe masculina para representar un home triunfador en tódolos ámbitos da vida: traballo, deporte, sociedade e familia. A sociedade cambiou e con ela o papel do home. Os roles familiares cambian, a incorporación laboral da muller obriga á búsqueda dun modelo de home diferente, espérase un home máis colaborador e menos protector, máis familiar e menos social. Pero este cambio estase a producir pouco a pouco. [6]







ISABEL QUINTÁNS RODRÍGUEZ\*

### Introdución

O aumento da inmigración feminina é un fenómeno que se observa a partir da segunda metade dos noventa e, fundamentalmente, desde o ano 1999.

Segundo o *Anuario estadístico de extranjería 2003*, publicado polo Ministerio do Interior, había nese ano en Galicia 37.522 persoas con estancia legal, en idade laboral; delas, 14.758 pertencen ó réxime xeral –élles aplicable a Lei de extranxeiría– e 22.764 ó réxime comunitario. Se desagregamos por sexo, o 51,05% do total da inmigración con estancia legal en Galicia son mulleres.

Xa que logo, a primeira idea que hai que desbotar é a de que a inmigración é un fenómeno fundamentalmente masculino. Se ben nos seus inicios a maioría das persoas que chegaban a Galicia eran homes, a partir da segunda metade

dos noventa a presenza de mulleres inmigrantes aumenta espectacularmente e na actualidade, como xa dixemos, apunta unha tendencia

\* Responsable de CITE CC. OO. Galicia

# A situación da



Se ben nos seus inicios a maioría das persoas que chegaban a Galicia eran homes, a partir da segunda metade dos noventa a presenza de mulleres inmigrantes aumenta espectacularmente e na actualidade, como xa dixemos, apunta unha tendencia a superar a dos homes

a superar a dos homes; é o que se denomina «feminización da inmigración», consecuencia lóxica da «feminización da pobreza» –non debemos esquecer que o fenómeno migratorio responde basicamente a razóns económicas–. Se

a estas causas se suma a exclusión ou discriminación social que tantas mulleres sofren no seu país de orixe, non é de estrañar que moitas escollan o camiño da emigración para melloraren as súas expectativas sociais.

Se as persoas inmigrantes constitúen un dos sectores máis discriminados e marxinados da nosa sociedade, as mulleres inmigrantes están sometidas a unha dobre discriminación: como inmigrantes e como mulleres. Xa dende o seu

# muller inmigrante en Galicia



lugar de orixe, a maioría delas parten dunha situación máis feble porque proceden en moitos casos de países onde a exclusión social da muller é enorme e porque teñen maiores cargas familiares. Unha vez aquí, esa discriminación mantense e mesmo se incrementa tanto por factores sociais como pola propia regulación legal ou a falta de previsión normativa para a súa situación.

Podemos dicir, entón, que a inmigración feminina presenta características específicas que cómpre estudar polo miúdo para corrixir as situacións discriminatorias que se están a producir.

### Perfil

No perfil da muller inmigrante que vive en Galicia tamén topamos coa falsidade dos tópicos que debuxan unha muller pasiva, que emigra co seu home ou é reagrupada posteriormente por el e que economicamente tamén depende del. Pola contra, a pesar da heteroxeneidade do colectivo, trátase maioritariamente de mulleres que emigran soas (o 64%) –ben porque non teñen parella ou ben porque o home fica no país de orixe–, teñen cargas familiares (o 59% con descendencia), veñen a Galicia por motivos económicos (o 78% son poboación activa), son independentes economicamente (o 72% recibe os seus ingresos do traballo) e envían cartos á familia no país de procedencia. É dicir, falamos de mulleres que emigran para manter a súa

familia; son, xa que logo, cabezas de familia e sustentadoras da economía familiar e, indirectamente, a través das divisas que supón ese envío, tamén da economía dos seus países.

Hai que rexeitar igualmente a idea da muller inmigrante inculca ou analfabeta: a penas se rexistra o analfabetismo e teñen un alto nivel de estudos en xeral, lixeiramente superior ó dos homes inmigrantes, excepto na formación profesional. En cambio, as mulleres sofren unha maior descualificación profesional, teñen un nivel de ingresos inferior e traballan en sectores marxinais ou desregulados nunha maior porcentaxe. Tamén o número de sancións por motivo de estranxeiría é superior.



**Unha vez aquí, esa discriminación mantense e mesmo se incrementa tanto por factores sociais como pola propia regulación legal ou a falta de previsión normativa para a súa situación**

### **Mundo laboral**

En primeiro lugar, no aspecto laboral, a sectorialización da man de obra inmigrante é innegable, e débese tanto ó xogo da oferta e a demanda do mercado laboral como, sobre todo, é esixencia legal, xa dende 1985, de que non exista man de obra nacional en situación de desemprego nun posto de traballo para conceder un permiso de traballo a un estranxeiro. Isto resulta máis grave no caso das mulleres, e ten como consecuencia, segundo os nosos datos, que o sector no que traballan maioritariamente as inmigrantes en Galicia é o servizo doméstico (un 31%) seguido da prostitución (un 22%); é dicir, o 53% traballan en actividades desregularizadas ou sometidas a unha forte desprotección social. É certo que, no caso do servi-

zo doméstico, a xeneralización da incorporación da muller ó mundo laboral, o envellecemento da poboación galega, a ausencia de políticas sociais que afronten o problema e o cambio no modelo tradicional de familia e o incremento do nivel de vida da muller galega explican en gran medida a forte medra da demanda de traballadoras para este sector. Pero non é a única causa: os sectores nos que se comproba que non existe desemprego son actividades moi masculinizadas (construción, pesca...) polo que é o sector dos servizos, e dentro deste o doméstico, o único no que as mulleres poden atopar un posto de traballo máis facilmente.

Canto á prostitución, o limbo legal no que se atopa –sen ser delicto nin traballo, sen ser legal nin

ilegal– incrementa espectacularmente a marxinação e explotación destas mulleres.

### **Discriminación normativa**

Como sinalamos anteriormente, a primeira discriminación prodúcese ante o requisito legal da situación nacional de emprego, polo que o campo laboral das mulleres redúcese considerablemente con respecto ó dos homes. O sistema de «continxentes» como única vía de entrada legal no país agrava esta situación.

Se examinamos a oferta do continxente 2004 para Galicia evidénciase a maior dificultade da muller inmigrante para acceder a un posto de traballo por estar condicionado a un sistema claramente segregador.

Oferta de contingente para o 2004 en Galicia por sectores

	Construcción	Transporte	Ind. Madeira	Agricultura	Ind. metal	Outras industrias	Pesca	Servizo doméstico	Hostalaría	TOTAL
A Coruña	80	10	—	20	4	—	—	11	—	125
Lugo	66	6	60	30	13	—	55	—	20	250
Ourense	10	1	6	14	8	—	—	—	—	39
Pontevedra	—	50	—	50	129	10	65	50	40	394
<b>Totais</b>	<b>156</b>	<b>67</b>	<b>66</b>	<b>114</b>	<b>154</b>	<b>10</b>	<b>120</b>	<b>61</b>	<b>60</b>	<b>808</b>

A última reforma da lei de estranxeiría afonda aínda máis na situación de discriminación das mulleres:

1. O control policial do Padrón podería levar a que moitas persoas en situación administrativa de estancia irregular non se inscriban nel, o que tería como consecuencia inmediata a perda de dereitos sociais e fundamentais como son o dereito á educación dos seus fillos e fillas e o dereito á sanidade de urxencia e xinecolóxica.

2. O endurecemento da lei respecto ó reagrupamento familiar e o matrimonio: a lei recolle, en caso de reagrupamento familiar ou matrimonio, a dependencia do cónxuxe e os fillos e fillas do titular do permiso ata que consigan unha oferta de traballo; na lei anterior, ós dous anos o cónxuxe obtiña un permiso independente e tamén os fillos e fillas ó chegaren a maioría de idade.

Sabemos que hai culturas nas que a muller ten máis dificultade

**os sectores nos que se comproba que non existe desemprego son actividades moi masculinizadas (construción, pesca...) polo que é o sector dos servizos, e dentro deste o doméstico, o único no que as mulleres poden atopar un posto de traballo máis facilmente**

para acceder a un permiso independente pola situación de sometemento ó home; a lei condena estas mulleres a dependeren do home ou do pai ó longo de toda a súa vida.

3. Malos tratos: a lei reconece o dereito das vítimas de malos tratos a obter un permiso independente se cumpre os seguintes requisitos:

- ▶ estar legalmente casada /o cunha persoa estranxeira,
- ▶ que o xuíz dite unha orde de protección da persoa.

Este artigo deixa un colectivo importantísimo de mulleres á marxe (se non estás casada legalmente, non tes dereito a obter o permiso aínda que sexas vítima de violencia doméstica), e queda nas

mans dos xuíces a posibilidade de obter o permiso independente (non sempre se dita orde de protección).

### Conclusión

Estamos ante unha muller cunha situación de partida peor cá dos homes, con maiores cargas familiares ca estes e sometida a unha discriminación superior á do inmigrante home. E isto non se pode explicar só por factores sociais, senón tamén, e sobre todo, por unha lexislación española que, pese a respectar unha igualdade formal, as atinxe máis directamente, agudiza esas diferenzas e esa discriminación social e non prevé nada para corrixila. ☞

PUBLICIDADE

C. Betanzos, nº. 15  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 563 677

CELIA BALBOA

Os días 23 e 24 de maio do presente ano celebrouse en Vigo a II Mobilización Europea da Marcha Mundial de Mulleres baixo o lema «Por unha Europa de todas. Diferentes, si. Desiguais, non». Entre os diversos foros que se organizaron estaba o titulado: «A sustentabilidade ecolóxica. Alternativas feministas», no que unha das ponentes era Rosa Isela Serrano, una muller mexicana, comprometida coa loita campesiña no seu país e convencida da necesidade de autoorganización das mulleres. Ela forma parte da «Asociación de Mujeres Organizadas en Red, AMMOR» que, á súa vez, como organización, forma parte dunha plataforma campesiña máis ampla denominada UNORCA.

## Entrevista a **Rosa Isela Serrano**



Defínese a ela mesma por aquelas cousas das que se sente máis orgullosa: muller, nai, campesiña, propietaria dunha parcela de terra no estado de Sinaloa, México, e membra de AMMOR. A loita das organizacións campesiñas mexicanas, como, por exemplo, a mobilización en Seattle, no ano 1999, reclamando: a saída da agricultura da Organización Mundial do Comercio; a defensa da soberanía alimentaria para cada país; a defensa dun desenvolvemento sustentable, baseado na defensa ecolóxica da natureza e a produción de alimentos de xeito san e responsable, son algúns dos eixes da súa definición ideolóxica. A necesidade de que as mulleres campesiñas teñan voz propia nese proceso é algo que promove e defende con paixón, non só por ideoloxía, senón por dignidade, tal como ela mesma di: «para endereitar as ringleiras tortas do desenvolvemento sustentable». Dende *Andaina* aproveitamos a súa presenza para facerlle esta entrevista.

A. A «Asociación de Mujeres Organizadas en Red, AMMOR» constitúese como unha organización de mulleres dentro dun movemento máis amplo que se coñece baixo as siglas de UNORCA, podería explicarnos en que consiste ese movemento?

RIS. UNORCA nace hai vinte anos e as siglas significan: «Unión Nacional de Organizaciones Regionales Campesinas Autónomas». No seu inicio foi unha confluencia de organizacións de produtores cun obxectivo moi claro: a apropiación dos procesos produtivos e a reivindicación dun prezo xusto para os grans. Hai que pensar que naquel momento, nos anos oitenta, aínda comezaban a deixarse ver os futuros plans dos estados sobre a apertura de fronteiras e mercados, así como as firmas de tratados comerciais; así mesmo o Fondo Monetario Internacional comezaba a deseñar o que pretendía ser a estratexia económica alimentaria mundial. Esa unión de organizacións decidiu manter e formar un movemento máis amplo, o que hoxe é unha rede nacional constituída por organizacións locais e rexionais campesiñas e que podería definirse como unha plataforma ou organismo que tenta construír alternativas e propostas baixo unha unidade de acción e defensa dos intereses campesiños e da sociedade rural mexicana. En UNORCA non existe a filiación individual senón que esta está conformada, exclusivamente, por organizacións, pequenas empresas de produtores, organizacións civís para algún fin, relacionado coa cuestión produtiva e, mesmo na actualidade, están comezando a integrarse organizacións civís pola defensa de dereitos que teñen que ver con servizos, como a sanidade ou a educación no medio rural, e, mesmo, organizacións pola defensa dos dereitos indíxenas. Pouco a pouco vaise xerando un movemento que medra, pero que se mantén sempre no eixe central da defensa dos intereses campesiños e da sociedade rural.

Ademais, UNORCA pode á súa vez formar parte de movementos máis amplos como é o exemplo do movemento chamado «El campo no aguanta más» ou da organización internacional «Vía campesina», que son movementos, en xeral, en defensa da non globalización da produción agrícola e da soberanía e seguridade alimentaria.



Rosa Isela, a súa filla, Lidia Senra e Celia Balboa

A. Daquela, como xorde AMMOR no seo desa plataforma campesiña? Que obxectivos ou necesidades existen que fan necesaria unha organización propia de mulleres?

RIS. A asociación como tal, xorde no ano 1997, pero a necesidade da súa existencia vén de máis atrás. Xa no ano 1986 as mulleres dos estados do norte do país, plantearon, nas súas organizacións rexionais, a necesidade que elas sentían de ter un espazo propio dentro da organización nacional UNORCA. Naquel momento, a demanda dirixíase máis ben á necesidade dun espazo de axuda para aos proxectos de mulleres, que eran, fundamentalmente, de índole produtiva, isto é, pequenas empresas e axuda na súa xestión. Explicoo máis polo miúdo: como consecuencia desa demanda créase, en UNORCA, unha oficina para ás mulleres, atendida por profesionais, e que lles ofrecían a elas, dende o punto de vista técnico, asesoramento nas súas xes-





tións. Ese foi o comezo. Pero inmediatamente xurdiu outra necesidade: elas decatáronse de que non podían xestionar apoios para os seus proxectos se non tiñan unha certa representación como mulleres dentro da propia organización. Foi entón cando se creou, de maneira informal, unha rede de mulleres, formada, fundamentalmente, por mulleres artesás e produtoras do centro do país, que decidiron comezar a reunirse e a crear espazos de intercambio e capacitación, e así foi até o ano 1997. Nese ano, xa se evidenciaba que era necesario darlle unha conformación legal á rede de mulleres e que esta tivese representación propia, e así foi como se constituíu AMMOR. Mais, cómpre dicir que isto foi un proceso difícil, de moitos anos, porque, até daquela, a rede era un espazo informal dentro da organización nacional, onde as decisións administrativas seguían a depender do coordinador executivo de UNORCA, así que o máis difícil foi o pro-

**[...] foi moi difícil convencer aos nosos compañeiros varóns da nosa necesidade de ter un espazo propio de discusión onde se puidese xerar e crear un discurso propio para o poder verter despois nos espazos mixtos**

ceso de formar unha organización propia dentro da mesma UNORCA e aprender, ao mesmo tempo, a xestionar os nosos propios recursos.

Nese intre houbo un conflito importante cos propios compañeiros, tanto na organización nacional como nas organizacións rexionais. Estes pensaban que o feito de constituírmonos nós as mulleres como unha organización propia, significaba o abandono, por parte nosa, das organizacións mixtas. E foi moi difícil convencer aos nosos compañeiros varóns da nosa necesidade de ter un espazo propio de discusión onde se puidese xerar e crear un discurso propio para o poder verter despois nos espazos mixtos. Custou moito, sobre todo nas organizacións do sur, que os compañeiros entenderan que as mulleres eramos seres independentes, que eramos maiores de idade para tomar as nosas propias decisións. E iso que, fronte a outras organizacións campesiñas, a UNORCA é a que, dende o meu punto de vista, ten o ideario máis progresista. Así é como nace AMMOR, unha organización, na súa esencia, de mulleres campesiñas, aínda que na actualidade isto adquire matices máis complexos xa que están comezando a integrarse mulleres de orixe campesiña que se ven obrigadas a ir traballar ás cidades, mais que volven decote ao campo ou aquelas que, aínda vivindo en colonias populares nas cidades, volven con certa regularidade ao campo e, mesmo se están a integrar mulleres que, vivindo no propio campo, non teñen acceso á terra. Para todas elas debemos traballar en proxectos diferentes do que é a produción agrícola, pero sen olvidármonos de que, en esencia, son mulleres de orixe campesiña que viven, na súa maio-



Rosa Isela coa súa filla

ría, en zonas rurais. Nos estados do sur: Iucatán, Campeche, Quintana Roo e Chiapas, unha boa parte das mulleres son indíxenas e para nosoutras é moi importante a súa integración. Hoxe debemos de ser unhas dezaseis mil mulleres afiliadas en 12 estados, que pode parecer unha cifra importante aínda que para México estas cifras non son moi representativas, se temos presente a alta densidade de poboación; de todos os xeitos seguimos medrando pouco a pouco.

Cada vez máis, evidénciase a necesidade de que as mulleres se xunten, falen e discutan temas, como por exemplo, a saúde ou a educación; isto é algo moi importante para as mulleres que viven en núcleos pequenos onde se carece de servizos públicos e polo tanto dos servizos que estes garanten. A partir deste tipo de cuestións nosoutras introducimos a cuestión de xénero, o que permite ás mulleres descubrir novas perspectivas, perspectivas que ignoraban e que ás veces as coloca nunha situación de conflito co seu medio máis directo, mesmo coa súa familia, pero que, ao mesmo tempo, as axuda a entender a súa realidade. Explicoo: as organizacións campesiñas integradas en UNORCA están a reivindicar a xustiza, o respecto, a equidade, a responsabilidade nun futuro, non só

ambiental, senón social, político e económico, máis san, máis equilibrado, menos excluínte, tentando construír un modelo de desenvolvemento alternativo aos grandes consorcios, loitando contra a globalización agraria e na defensa da soberanía e seguridade alimentaria. É unha evidencia que esta é unha loita de homes e mulleres. O cumio de Río de Xaneiro, no ano 1992, serviu para poñer as bases da discusión medioambiental, pero o cumio de Beijing serviu para sentar as bases da discusión sobre as relacións de xénero e as oportunidades de participación das mulleres no desenvolvemento. Seattle foi a porta que abriu ao mundo á posibilidade de integrarse como simples individuos a unha manifestación da sociedade civil fronte aos intereses económicos máis fortes no país máis forte. Pois ben, a democracia, a xustiza e a equidade non poden seguir permitindo a exclusión das mulleres na toma de decisións, da participación e da representación política, o mesmo que non poden impedir a decisión e o control sobre os nosos propios recursos. Estou convencida de que as mulleres temos a obriga de endereitar as ringleiras tortas do desenvolvemento sustentable, e só o podemos facer dende o noso propio discurso, de aí que sexa importante promover procesos de organización co-

munitaria, onde as mulleres logren resolver algunhas das súas necesidades básicas pero onde tamén adquiran conciencia sobre o papel que somos capaces de desempeñar no devandito desenvolvemento.

#### A. Nese sentido cales son os grandes temas sobre os que traballa AMMOR?

RIS. Como antes dicía, as nosas reivindicacións como organización campesiña pasan por asegurar as persoas consumidoras dun país, neste caso, o meu, México, a alimentación básica que considere a cultura e tradicións do meu pobo, unha alimentación que asegure o desenvolvemento e a calidade nutritiva e sanitaria. Unha alimentación non dependente de empresas transnacionais que pouco a pouco se apropian da nosa industria alimentaria e patentizan as nosas sementes, producindo alimentos *lixo*, tratados con hormonas, transxénicos e con efectos demostradamente nocivos sobre as persoas consumidoras, tendo ademais efectos contaminantes e de risco ecolóxico de desaparición de especies.

Nós, por exemplo, defendemos que antes de dar prioridade á importación de millo, trigo, *frijol* ou carne de polo, débese dar prioridade á produción interna deses produtos, de xeito que se asegure sempre, con mercados nacionais fortes, con independencia do goberno que teñamos, que os gobernos das poderosas empresas transnacionais nunca poidan usar os alimentos básicos como unha arma de presión política; niso consiste a soberanía e a seguridade alimentaria dunha nación. Ao mesmo tempo, como mulleres, nós temos un papel esencial, xa que somos produtoras de alimentos, pero tamén existen zonas onde carecemos de todo, mesmo de capacidade para acceder á propia terra. Por iso son prioritarias as empresas de mulleres (como *tortillerías*, produción e venda de artesanía, produción agropecuaria, de reciclaxe, etc.), que contribúan con alternativas económicas a mellorar o nivel de vida, que garantan a permanencia das mulleres nas súas comunidades, así coma o fortalecemento das redes de mercado locais. Empresas que permitan ás mulleres que, se carecen de terra ou esta é escasa, poidan participar noutros procesos da produción como son a transformación ou comercialización de produtos, almacenaxe de grans, etc., e estes proxectos económicos son importantísimos para as mulleres. Que as mulleres teñan os seus propios recursos significa tamén adquirir conciencia da súa capacidade de supervivencia como persoas individuais, da súa auto-

mía, isto dálles a posibilidade de coñecer unha realidade que vai máis alá do seu fogar ou da escola das súas fillas e fillos. Así, neste sentido, as mulleres medran como persoas. É verdade que todo isto provoca conflitos na casa, co marido ou compañeiro, pero eses conflitos tamén axudan a medrar ás mulleres; e, moitas veces, a posta en común deses problemas dá a cada unha argumentos útiles para axudar a mudar a opinión dos homes. Importante tamén é o caso das mulleres indíxenas, onde a organización incide para que a loita pola autonomía económica das súas comunidades lles permita o seu recoñecemento como nacionais dun

**Nós defendemos que antes de dar prioridade á importación de millo, trigo, «frijol» ou carne de polo, débese dar prioridade á produción interna deses produtos, de xeito que se asegure sempre, con mercados nacionais fortes (...) que os gobernos das poderosas empresas transnacionais nunca poidan usar os alimentos básicos como unha arma de presión política; niso consiste a soberanía e a seguridade alimentaria dunha nación**

país sen que se lesionen as súas tradicións e costumes pero, á vez, sen que estas lesionen a súa dignidade como mulleres.

Neste sentido un dos principais proxectos de AMMOR son os denominados programas de aforro e préstamo, que foi unha experiencia que partiu das mulleres do estado de Sonora e que se basea, fundamentalmente, no aforro interno. As mulleres reflexionamos en como conseguir que o aforro interno, familiar, servira para proxectos máis amplos. De acordo con isto, decidimos crear grupos de mulleres cun programa de aforro e préstamo dentro das súas comunidades. O primeiro paso consiste en promover, falar coas mulleres para ver se están interesadas e sobre todo para saber se nas comunidades existen mulleres suficientemente capacitadas para desenvolver o programa. E cando falo de capacidade, refírome fundamentalmente a saber ler e escribir e as catro regras aritméticas, porque ás veces non existen nas comunidades rurais mulleres con eses coñecementos. Se as mulleres están interesadas e, algunha ou algunhas, poden levar a contabilidade, ponse en marcha o programa. que

consiste en que o grupo decide libremente en que compañeira deposita a confianza para entregarlle o seu aforro, isto é, o seu recurso. Creándose, xa que logo, unha pequena caixa de aforro; esta é, pois, unha relación baseada na confianza e na solidariedade de todo o grupo, que, normalmente, forman unhas trinta mulleres. Na medida en que o grupo vaia incrementando os seus aforros, decidirán se lles interesa investir nun proxecto concreto. Por exemplo, as mulleres de Sinaloa teñen aberto pequenas *tortillerías* e negocios de aluguer de mobiliario para eventos sociais. No caso das compañeiras de Puebla, elas crearon unha empresa de re-

**Importante tamén é o caso das mulleres indíxenas, onde a organización incide para que a loita pola autonomía económica das súas comunidades lles permita o seu recoñecemento como nacionais dun país sen que se lesionen as súas tradicións e costumes pero, á vez, sen que estas lesionen a súa dignidade como mulleres**

ciclaxe para a produción de cableado eléctrico partindo da recollida de plástico na cidade. Hai que ter en conta que a maioría delas son mulleres de ascendencia rural pero que viven nas colonias populares da cidade, por iso este proxecto é afin ás súas condicións. En moitas rexións o aforro non é suficiente para montar un proxecto; nese caso debemos recorrer a axudas públicas ou ben solicitar un préstamo á organización nacional, que ten a súa propia caixa. Ese préstamo debe devolverse con certos intereses pero as mulleres saben que, mesmo eses intereses son tamén para o investimento doutros proxectos, o que axuda a incrementar a caixa da organización. O programa tamén funciona como préstamo dentro dos propios grupos, é dicir,

a caixa de aforro pode prestar unha certa cantidade nun momento de apuro a unha muller membra do grupo e tamén ese préstamo xera un pequeno xuro, pero esa muller sabe que tamén o seus xuros van repercutir no aumento do seu aforro na caixa común. É, pois, un sistema moi sinxelo, pero que serve para a posta en marcha de pequenos proxectos que poden chegar a ser grandes no futuro. Pero, hai algo tan importante como a capacidade de obter recursos propios, isto é, a capacitación que o programa representa para as mulleres: se formas parte dun grupo de aforro, este debe ter unha directiva e, para entrar nela, é imprescindible aprender, o que quere dicir, saber algo de matemáticas básicas, pero é que, ademais, o grupo debe reunirse periodicamente e isto é fundamental. Dende AMMOR dicimos que os grupos de aforro e préstamo, ademais do proxecto, son unha estratexia para que as mulleres teñan interese en reunirse. A partir de aí, ese grupo seguro que vai discutir de temas que son importantes para elas, tamén é seguro que comezarán a xurdir os conflitos coa súa familia, pero serán elas as que comezarán a facerlles ver aos seus compañeiros ou maridos que elas saen da casa para investir nelas mesmas e ao mesmo tempo na propia familia demostrando, xa que logo, que son capaces de xerar e traer recursos á casa.

Todo este proceso faise cun absoluto respecto polas características de cada grupo en particular; así, por exemplo, onde as mulleres indíxenas están organizadas, os conflitos poden afectar aos seus propios costumes e tradicións; daquela, son elas as que deben loitar para que o costume ou tradición deixe de vulnerar a súa identidade e dignidade como persoas. <sup>6</sup>

Remata o tempo, Rosa Isela colle mañá un avión que a deixará en México D. F.; dende alí, outro a Sinaloa e despois, varias horas máis ata chegar a «El Tajito», onde ela ten a súa terra.

📍 CARMEN CARRAZONI, ELVIRA PERPINYÀ,  
LOLA GARCÍA, NEVES NAVAS,  
SUS CUBELLS, ROSER CASAS

Somos un grupo de mulleres, amigas, médicas e enfermeiras, que traballamos en diferentes centros de Saúde de Atención Primaria de Catalunya e Zaragoza. Desde hai uns anos preocupámonos ver como vai mudando o concepto de enfermidade dentro da sociedade na que vivimos.

Até hai pouco tanto a menopausia como a disfunción eréctil na xente anciá eran circunstancias acordadas coa bioloxía. Agora, non obstante, a felicidade e a desdita se-

# A medicalización

mella que pasou a ser un asunto da medicina e planea sobre a nosa existencia coa cobiza de sanar os males do corpo e da alma.

Ante esta nova percepción facémonos varias preguntas: Como aceptar serenamente, nós como profesionais da saúde e o paciente como cidadán de a pé, que non to-

do ten remedio? Por que cando a medicina se declara incapaz de dar solucións a certos problemas se define como atrasada e incompetente?

Se buscamos respostas, debemos ter en conta o proceso persoal necesario para asimilar o paso dos anos ou a vellez como parte do

# da vida cotiá



período biolóxico do ser humano, así como en situacións de perdas (mortes, separacións, falta emprego) se require tempo para elaborar o dó e a persoa poder atopar as canles oportunas para encarar e atender estas situacións do *padecer normal* do vivir.

O receptor das queixas somos o persoal sanitario que traballa nos centros de Saúde de Atención Primaria e correspóndenos a nós, médicas, médicos, enfermeiras e asistentes sociais a tarefa de atender, calmar, acompañar, reeducar e animar ao paciente a valerse por si mesmo.

### **Pódense etiquetar como patolóxicos dós ou padecementos que forman parte da vida cotiá**

Consúltase, e cada vez máis, ao médico de familia, por malestares para os que non hai unha resposta terapéutica do tipo: ferida / sutu-

ra, ou sexa unha solución rápida e inmediata e, infelizmente, dispomos de moi pouco tempo por paciente para poder reorientar e non medicalizar tales molestias. Con iso córrese o perigo de ter que recorrer a un diagnóstico rápido, e pódense etiquetar como patolóxicos dós ou padecementos que forman parte da vida cotiá e que deberían ser encarados como naturais ou normais tanto por parte do persoal sanitario como do paciente.

As persoas e a sociedade fanse, deste modo, dependentes destes servizos sanitarios que non contan con suficientes recursos: dispomos de pouco tempo asistencial, fáltannos equipos interdisciplinares coordinados (traballadores familiares para axudas a domicilio, psicólogos, psicólogas, psiquiatras, etc.). Para evitar que en este tipo de demanda se medicalice, e poder posibilitar unha atención adecuada, contención necesaria e orien-

Durante tres meses do ano 2003 entrevistamos e consultamos o historial clínico de 123 pacientes. A maioría foron mulleres, un total de 97, e o resto homes 26. A idade oscilaba entre 20 e 86 anos. (Curiosamente, non é a primeira vez que, cando realizamos un traballo de investigación a maioría das entrevistadas son mulleres. Quizais sexa debido aos temas que escollemos para investigar que, xeralmente, teñen máis que ver coa vertente psicosocial onde a muller, polas súas características de xénero é a grande afectada, en contraposición co home no que a patoloxía dominante é mais de tipo orgánico).

### **Moitas veces detrás do malestar físico agáchase un problema doutra índole**

Para saber de qué se queixaban os pacientes agrupamos os síntomas en físicos e psíquicos. Os físicos máis frecuentes foron dor xeneralizada: (articulacións, lombo, cervicais, xoellos, etc.); problemas dixestivos (acidez, gases, dor de estómago); mareos e dores de cabeza.

Os problemas psíquicos máis comentados foron o desacougo seguido da depresión e o insomnio.

Tamén tivemos en conta o que observabamos nós na súa queixa, xa que moitas veces, detrás deste malestar físico se agacha un problema doutra índole. Para chegar a descubrir o que se atopaba tras esta queixa, foron necesarias de dúas a dez consultas por paciente debido, unha vez máis, ao pouco tempo dispoñíbel por visita. Vimos que na maioría dos homes había problemas de traballo debido á inestabilidade laboral, contratos lixo, prexubilacións e algún caso de *mobbing*. A carga familiar era o segundo problema que se adivinaba detrás do síntoma e afectaba principalmente as mulleres que, ademais de

**Consúltase, e cada vez máis, ao médico de familia, por malestares para os que non hai unha resposta terapéutica do tipo: ferida / sutura, ou sexa unha solución rápida e inmediata**

tación oportuna, a sociedade debería ter outros valores para non ter que necesitar os nosos servizos.

Por todo isto pensamos en facer, desde as nosas consultas, un estudo para identificar cales eran eses problemas da vida cotiá polos que os e as pacientes solicitaban un tratamento farmacolóxico.





## Como aceptar serenamente, nós como profesionais da saúde e o paciente como cidadán de a pé, que non todo ten remedio? Por que cando a medicina se declara incapaz de dar solucións a certos problemas se define como atrasada e incompetente?

### As formas non médicas de afrontar as dificultades da vida estanse devaluando e esquecendo

traballar fóra de casa, eran coidadoras de pais, fillas, fillos, netos e esposo. En terceiro lugar apareceron os problemas de parella, tamén manifestado principalmente polas mulleres, causados pola separación ou o divorcio, a sobrecarga en tarefas domésticas e finalmente tamén se atopou algún caso de maltrato psíquico. A soedade foi outra das causas descuberta trala consulta, principalmente afectaba a mulleres maiores que perderan á súa parella recentemente ou que vivían soas sen a compañía de fillos ou fillas e recibían moi poucas visitas destas. Finalmente atopamos problemas de tipo emocional: desacougo e depresión, tanto en homes como en mulleres.

En canto ao tratamento, principalmente se deron ansiolíticos e satisfainos dicir que en segundo lugar a terapia máis utilizada foi a escoita activa, o cal nos leva a pensar que, se dispuxesemos de máis tempo nas nosas consultas para escoitar e falar cos pacientes, non tapariamos os síntomas con fármacos. Deixariamos fluír os seus sentimentos e poderíamos aprenderlles a manexarse mellor e aprender a escoitarse, así sentiríanse máis libres xa que a maior auto-coñecemento menor dependencia.

A conclusión á que chegamos foi que a maioría das veces os síntomas son sentimentos ou palabras atrapadas no corpo.

Por desgraza, as formas non médicas de afrontar as dificultades da vida cotiá estanse devaluando e esquecendo. A capacidade de se valer por si mesmo e sentirse capaz de superar os problemas estase a reducir.

Acabamos considerando enfermidades a persoas sas e dámoslles tratamentos que conlevan efectos adversos: primeiro por lles ter etiquetado de enfermas, segundo por lles ter receitado fármacos cos seus posibles efectos colaterais, e terceiro por lles facer dependentes deste fármaco que poderíamos chamar *a pílula da felicidade*.

Para finalizar pensamos que a resposta á demanda xerada polo malestar que ocasionan os problemas da vida cotiá, ha de ser abordada desde distintos niveis:


► Preventivo: intervención no ámbito educativo. Desprazándose o persoal sanitario aos diferentes centros da comunidade: escolas, institutos, etc., pero tamén a asociacións de veciños, residencias da terceira idade...

► Asistencial: creando recursos para poder abordar esta crecente

demanda, ampliando os equipos sanitarios e deseñando estratexias que podan canalizarla (traballo grupal, talleres de relaxamento, etc.).

► Docente: Ampliar a formación do persoal sanitario nas materias de saúde mental e atención psicosocial.

► Medios de comunicación: utilizando o alto grao de difusión que teñen para penetrar a todos os niveis da poboación e aportar información e formación.

A suma de todas estas intervencións, daría como resultado facer que a persoa se implicase na súa saúde no seu sentido máis amplo, segundo a definición da OMS atinxindo un bienestar bio-psicosocial. 

### Bibliografía

CHODOFF, P. : «A medicalización da condición humana / The medicalization of de human condition», *Psychiatric Services*, 2002; 53: 627-8.

MAINETTI, José Alberto: «A medicalización da vida e da linguaxe», *Cadernos de Bioética*.

MÁRQUEZ, Soledad, e Ricard MENEU: «A medicalización da vida e os seus protagonistas», *Xestión Clínica e Sanitaria*, volume 5, número 2 (verán de 2003).



# A comunicación feminina e o mundo laboral\*

 MERCEDES BENGOCHEA\*\*

Na nosa sociedade, mulleres e homes comunícanse mediante dous estilos verbais algo diferentes: unha serie de características son usadas preferentemente polas mulleres na súa interacción cotiá coas demais persoas, e outro número de trazos son preferidos polos homes. Estas diferencias poden ser en ocasións responsábeis dalgúns ma-

lentendidos entre uns e outras. Ademais, en ambientes fortemente masculinizados como son os laborais, as diferencias entre os códigos feminino e masculino de comunicación poden conducir a certas mulleres a unha certa frustración, nacida da sensación de non ser entendida, escoitada ou tomada en conta, ou o desacougo de ver

terxiversadas as súas palabras ou malinterpretadas as súas intencións.

---

\* Artigo tirado do núm. 52 de *Emakunde*

\*\* Profesora Titular de Sociolingüística e Decana da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Alcalá.



### Estilo feminino

Entre os riscos que caracterizarían o estilo feminino, hai tres que merecen especial atención: o desexo de incluír no discurso como iguais ás outras persoas participantes, facendo énfase na relación entre elas; a indicación expresa da súa implicación na conversación, e o desenvolvemento dos temas de forma cooperativa.

Vexamos como se manifestan e como se realizan tales riscos:

*Desexo de incluír como iguais no discurso ás outras persoas participantes, facendo énfase na relación con elas*

A maioría de mulleres tenden a facer recoñecemento expreso do seu interlocutor/a: interésanse pola outra persoa, fanlle saber que no-

tan se leva un xersei novo, se mudou de penteado, e formulan preguntas sobre a súa familia, a súa saúde ou as súas preocupacións. Frecuentemente isto é só a introducción á conversación, unha especie de *antesala* necesaria para abordar o auténtico motivo polo que a conversa tivo lugar, que pode ser solicitar unha información determinada, dar conta dunha xestión, redixir un informe, facer unha consulta... Para moitas mulleres ese preámbulo é necesario para poder sentir que traballan nun medio laboral non hostil, para humanizar os ambientes despersonalizados das secretarías, empresas e organizacións. Non é unha característica feminina. É tamén típica de moitas culturas non occidentais.

As mulleres tenden, asimesmo, a quitar temas de conversación mediante interrogacións (*Que tal che foi onte coa túa xefa?* ou *viche a nova fotocopiadora?*). Cando outra muller leva a voz cantante nunha conversación, intercalan preguntas e exclamacións no discurso alleo, máis para manter viva a conversación, entablar e afianzar vínculos de relación e que a outra persoa perciba que existe interese, que por desexo de interrogar e controlar. Tamén sorrín a miúdo, en sinal de apertura ás demais persoas, como símbolo de que o canal de comunicación permanece aberto. Asimesmo, moitas mulleres tenden a acabar as súas frases cunha entoación que soa interrogativa ou dubitativa. Non porque non sintan se-

**A maioría de mulleres tenden a facer recoñecemento expreso do seu interlocutor/a [...] Non é unha característica feminina. É tamén típica de moitas culturas non occidentais**




guranza no dito, senón co fin de perguntar a opinión do/a seu interlocutor/a ou que esta persoa se sinta incluída na mensaxe. É como dicir, «a miña opinión non está pechada, pode mudar se desexas engadir algo, podemos compartir o comentario». Con iso perséguese un fin: atinxir consenso, minimi-

zando calquera tipo de diferenza e ocultando a posíbel superioridade. Polo mesmo, cando toman decisións, tentan facer semellar que se trata de decisións tomadas en conxunto, mediante preguntas que confirmen o consenso. Por iso mesmo, gustan especialmente de inducir preguntas e exclamacións en

medio das narracións alleas (*Non me digas! que lle contestache? Vaia cara dura! Non che deixou feita pó?...*).

A afinidade prodúcelles intenso pracer. En consecuencia, non se senten a gusto defendéndose de ataques polas súas ideas e son especialmente vulnerabeis a comentarios agresivos, despectivos e situacións nas que se violen os códigos que elas respeitan. Son por tanto pouco propensas a facer críticas duras ás súas iguais, que son consideradas mostras de pouca cortesía na súa cultura de afiliación. Cadrar cunha colega unha mañá e espetarlle unha frase de, tipo: *On-de mercache ese xersei tan horribel?* é case impensábel entre mulleres que manteñen boa relación. Son precisamente o establecemento, mantemento e reforzamento das relacións sociais algúns dos móbiles que orientan a tendencia feminina ao cumprido. Por ese desexo de afinidade tenden a disfrazar o seu coñecemento e experiencia nun campo ou tarefa específica, negociando un papel máis aparentemente igualitario, e evitan coidadosamente a xactancia. De feito, fálase pouco dos logros persoais e ás veces recórrese á modestia para minimizar diferenzas con outras persoas. Moitas féminas comezan o seu discurso como Santa Teresa os seus escritos, desculpándose polo seu pouco xeito verbal (*Non sei se vou saber dicilo ben*). Hai mulleres que, cando asumen unha responsabilidade, a aceptan advertindo da súa falta de coñecemento ou experiencia nese campo (*Claro que o farei encantada, aínda que nunca me tiven ocupado destas cuestións e dáme medo meter a pata*), e outras que cando entregan un informe, excusáanse polos posíbeis erros (*Seguro que os gráficos non che agradan, son un pouco desastre con este programa informático*). É este un dos riscos menos comprendidos por parte da cultura masculinizada (e aí desexo

**[...] moitas locutoras de radio e televisión vense obrigadas a ensaiar entoacións que se aproximan á norma viril, moito máis apreciada no noso mundo masculinizado**



englobar a mulleres e a homes), que interpreta esta actitude como falta de asertividade, inseguridade e carencia de autoestima.

Podemos, sen embargo, atribuír outras causas a este comportamento. Para comezar, esas frases non implican que non se teña boa opinión dunha mesma, senón que

xen así é debido á inferioridade feminina que provoca unha baixa autoestima nas mulleres. Isto non é así necesariamente. No exemplo anterior o significado do comentario reacción ao cumprimento sería: *non vale nada, non paga a pena que te fixes, non son máis por o levar*. Pola súa parte, o cumprimento non debe

Acostuman utilizar un timbre máis agudo e un ton de voz algo máis alto e dinámico do que acostuman usar os homes, con maior inflexión tonal e tons máis acusados (maiores subidas e baixadas). Precisamente este feito será unha das características máis marcadamente non-masculinas. Os códigos

## Moitas mulleres poñen énfase na súa entoación, para indicar a súa implicación co tema e non semellar arredados e frías, sen embargo móstranse suaves e lentas se temen non ser exactas ou ferir coas súas palabras

non se presume diso, como moitas culturas non occidentais, cuns falantes, que fan gala dunha retórica de humildade. Tamén pode tratarse dun risco cultural feminino enmarcado no desexo de incluír as outras persoas como iguais no seu discurso. Esta orientación incitaría á falante a situarse ao nivel das demais, facendo patente unha falta de engreimento que puidese situala por riba de ninguén. É posíbel asimismo que este comportamento poda ser a marca dunha retórica propia, que define a asertividade dunha maneira menos agresiva.

Outra característica das mulleres é a loanza allea. Acoden aos cumpridos e loas cunha función de solidariedade e recoñecemento máis que de xenuina admiración. A recepción feminina máis normal da garatuxa ou cumprimento é a de reducir o valor admirado e refuxir a adopción dunha posición superior. Este diálogo entre dúas amigas exemplifica unha típica reacción:

- ▶ *Que traxe tan bonito!*
- ▶ *Ten mil anos. Foi unha ganga, custoume catro pesos.*

Moitos homes, educados nunha forte asertividade, non entenden que se rebaixen os propios méritos e cren que se moitas mulleres rea-

entenderse como expresión de que se teña en estima singular o traxe, senón máis ben como índice dun nexo de unión entre as dúas persoas por parte da primeira falante (a cal estaría a indicar *fixeime en ti*). É unha maneira solidaria de mencionar que a outra persoa conta e é notada.

### *Indicación expresa da súa implicación na conversación*

Moitas mulleres poñen énfase na súa entoación, para indicar a súa implicación co tema e non semellar arredados e frías, sen embargo móstranse suaves e lentas se temen non ser exactas ou ferir coas súas palabras.

Cando lles interesa o tema, as ouvintes involúcranse na conversación, tomando parte activa e cooperando con risos, comentarios, exclamacións, ruidiños *respuesta* (mmm, ajá), afirmando coa cabeza, *pondo caras* que se correspondan coa intención comunicativa da outra falante, facendo preguntas... mesmo se non participan directamente, sinalan que están atentas á conversación articulando acenos, expresións verbais como claro, si, iso, xusto, ou asentindo coa cabeza.

androcéntricos que gobernan a interpretación social da entoación dinos que toda entoación non-normativamente masculina é produto de afeminamento, falta de asertividade ou exceso de emotividade, e que, por tanto, a persoa non é fiable, a súa información non é obxectiva e non debe terse en conta. A maior alternancia tonal feminina (signo de riqueza tonal) lese como *altibaixos emocionais*. Estas interpretacións poden ter graves consecuencias na vida laboral. Margaret Thatcher tivo que aprender a entoar como varón cando decidiu presentarse como candidata a Primeira Ministra polo Partido Conservador. Pola súa parte, moitas locutoras de radio e televisión vense obrigadas a ensaiar entoacións que se aproximan á norma viril, moito máis apreciada no noso mundo masculinizado.

### *Desenvolvemento dos temas de forma cooperativa*

As mulleres son afeizoadas a interromper brevemente a quen fala, non para desviar totalmente o curso da conversación nen para mudar de tema, senón para intercalar comentarios persoais que sirvan para trazar conxuntamente o

fio conversacional e que a outra persoa se sinta «escoitada» (*Non me digas! E que lle contestache? Vaia cara dura !Non che deixou feita pó?...*). É frecuente que cando unha muller é interrompida brevemente por outra para facer un comentario relacionado co que a primeira dicía, esta retome a palabra incorporando ao seu discurso as ideas, os acontecementos ou as palabras exactas aportadas pola que interrompeu. Dese modo, o discurso feminino vai tomando o que interesa das intervencións anteriores, que se recoñecen, e vai trenzando os temas entre si, de maneira que cada novo tema estea relacionado estreitamente co anterior.

As intervencións non se espacian, senón que se acontecen unhas a outras con rapidez e mesmo se solapan ou chegan a ser case simultáneas, sen que ás participantes semelle importarlles o feito ou cheguen a sentir que non son escoitadas. Este traballo conxunto de construción da conversación contribúe ademais a que as falantes se sintan escoitadas e noten interese no tema que están a tratar de desenvolver.

### Estilo masculino

Ainda que hai multitude de semellanzas entre a fala feminina e masculina, o estilo que caracteriza a da maioría dos varóns occidentais de clase media semella ter unha orientación xeral cara a obxectivos lingüísticos algo diferentes aos que guían a conversa feminina. Os trazos que máis semellan diferenciar a fala masculina son: o desexo de afirmarse fronte ás demais persoas participantes; unha procura de obxectividade e distanciamento, –a participación mídese máis polo tipo de intervención que pola demostración de atención–, e o desenvolvemento dos temas de forma individualista e frecuentemente

competitiva. Vexamos a continuación como se manifestan e como se realizan os riscos anteriores:

#### *Desexo de afirmarse fronte ás demais persoas participantes*

Para os varóns, o estatus está en constante proceso de negociación na interacción verbal. Por iso tratan de destacar aquelas diferenzas que poidan dar lugar a mostrar a súa superioridade.

vez que os homes lle *soltan un discurso* en canto poden. Ante iso, a muller séntese irritada ou frustrada porque a situación a forza a converterse en *admirada* ouvinte dun conferenciante, en lugar do seu igual. E é que o estilo de comunicación masculino fai que moitos homes busquen ser o centro de atención e mostrar a súa superioridade, como, por outra parte, valoran especialmente a información

**Para os varóns, o estatus está en constante proceso de negociación na interacción verbal. Por iso tratan de destacar aquelas diferenzas que poidan dar lugar a mostrar a súa superioridade**



Non lles dis gusta facer de instructores, papel que interpretan fielmente segundo o guión de *persoa superior que sabe máis ou é máis perita* e a partir dunha relación (momentánea ou non) de asimetría, máis dunha muller sentiu algunha

de feitos e dados, están sempre prestos a proporcionala. Por outra parte, como, ao seu entender, un estatus alto está relacionado coa capacidade de facer suxestións e dar ordes, os homes tenden a dar consellos, opinións que soan ta-

xantes e inflexíbeis e mesmo ordes directas. Reciben estas, sen embargo, de mal grao, precisamente porque para eles recibir instrucións é indicativo de baixo estatus. Todo iso fundaméntase na crenza da auto-obriga de demostrar o que eles cren estatus e superioridade, non nunha auténtica seguranza no dito ou en si mesmos. De aí que refuguen mostrar debilidades que furtarían ese estatus dentro da xerarquía que constantemente deben negociar. Asimesmo, na súa constante necesidade de autoafirmación da súa masculinidade, están prestos a defenderse de ataques como os que eles lanzan ás propostas e aseveracións alleas.

Os homes móstranse pouco afeizoados ao cumprido ou á loa. Para eles o cumprido ten fundamentalmente unha función avaliativa (non solidaria), e como tal, outorgadora de estatus. En consecuencia, e como corresponde a unha cultura competitiva, úsase pouco cos iguais, e cando se fai, é mediante expresións que reducen a forza da loa ou a través de termos moito menos expresivos que os femininos (*non está mal esa carteira* sería máis característico dun home, mentres, *que carteira máis bonita ou me encanta esa carteira* serían dunha muller).

*Unha procura de obxectividade e distanciamento*

Os homes ensaian coidadosamente unha entoación fría e arredada que consideran a apropiada para resolver problemas, debater temas e falar de *cousas*. Adés-transe desde pequenos na práctica dunha entoación máis plana que a feminina, con menor alternancia no ton e moito menos dinamismo. Con iso conseguen soar como destros ou expertos no tema, pero non implicados emocionalmente nel, o que cren que pode colaborar ao mantemento dun estatus superior.

Reclaman obxectividade e acoden a unha entoación enérxica para evitar sentimentalismo. Cren que as súas palabras poden ter un efecto negativo no/a ouvinte, co que tratan de demostrar así de paso a súa superioridade e distanciamento.

*A participación masculina mídese máis polo tipo de intervención que pola demostración de atención*

Os homes están acostumados a falar sen que outros homes dean sinais de interese, ou simplemente de escoita, nin fagan preguntas (o cal non significa que non estean pendentes das súas palabras: simplemente non o manifestan como fan as mulleres). É frecuente que un primeiro comentario ou pregunta formuladas por un varón a outros como convidación a comezar unha conversa (*Vistes onte o telexornal da 2?*) vaia seguído dunha pausa de varios segundos ou de silencio absoluto. Despois dun breve tempo, o primeiro falante, impertérrito, procederá a expor o que pretendía, alleo ao que para as mulleres sería pouca ou nula acollida ás súas palabras.

En lugar das expresións de alento que pronuncian as mulleres, frecuentemente a intervención masculina tralas palabras doutro home é para intercalar expresións de desacordo, mesmo que para as mulleres sería hostilidade: poden pór en dúbida as afirmacións do outro, negar as súas palabras, propor outra afirmación que entre en conflito co dito polo seu interlocutor, criticar e mesmo bulrarse ou insultalo pola súa afirmación. E todo iso sen que as críticas e comentarios se tomen necesariamente como algo ofensivo, senón como parte dun xogo de xovial toma-e-daca.

— ...os peixes son listísimos.

— *E entón como é que sempre se deixan pescar?*

— *Diso, nada, tío, non é nada fácil apañar un, tes que ser moi perito.*

— *Quizais por iso a miña filla de oito anos pescou un a primeira vez que apañou unha cana!*

Semella tamén que hai un silencio masculino. A moitas mulleres resúltalles arduo aprender a aceptar esa imposición de silencio. Os homes escoitan, sen facer recoñecemento explícito das palabras alleas; o seu silencio que só é violado para mudar de tema ou intervir directamente, sen incluír os comentarios ou aportacións alleas nas súas. Este silencio fai sentir invisíbeis ou ninguneadas ás persoas educadas na cultura do recoñecemento das palabras alleas (a maioría das mulleres).

Probabelmente as mesmas razóns que guían os trazos anteriormente descritos, os varóns sorrín moito menos que as mulleres. Semella que non necesitan facer gala constante de que están prestos á comunicación, receptivos á escoita, co canal de comunicación aberto aos e ás demais.

*O desenvolvemento dos temas de forma individualista e frecuentemente competitiva*

Parte da necesidade masculina de deixar patente a súa superioridade consiste na rapidez no dicir, que cren sinónimo de certeza e intelixencia, así como é a interrupción, cren que así demostran que son velozes no seu entendemento. Precisamente pola súa preocupación polo status, tampouco non lles agrada ser interrompidos, e non entenden nin aceptan a breve interrupción-comentario á que as féminas son tan aficionadas.

Os temas non se trenzan, como no caso feminino, a través de nexos de unión entre un e outro tema de conversación. no mundo masculino, cando se acabou un tema, pásase a outro que pode non ter nada que ver co anterior, sen consideración algunha para con aquela ou aquel falante que propuxo o primeiro. Tampouco non acostuman recoñecer nin incorporar ao seu discurso as palabras alleas, pero tenden en troco a resumir ou reformular o que se dixo, nun tento de lexitimización da súa versión do ocorrido na conversación, controlando esta.

### **Consecuencias laborais da diferenza entre os estilos feminino e masculino**

Non se trata de que un estilo sexa mellor ou peor que o outro. Cada rasgo conversacional ao que fixemos alusión no apartado anterior só adquire significado en institucións e contextos específicos, que predispoñen a que teñan uns ou outros efectos. Cada rasgo verbal e cada expresión teñen unha longa historia detrás, a través do cal os seus falantes vanas dotando de significado e fixan as súas pautas de uso. Cando unha muller se sente incómoda ante as palabras masculinas, allea á forma de expresión dos varóns e non sabe moi ben por que resulta tan pouco gratificante unha conversa cun colega ou tan esmorecente unha xuntanza; non ten conciencia de que o seu malestar no traballo se produce en parte pola obriga (imposta por séculos de tradición masculina no mundo público) de usar a conversación, os debates, a fala formal das xuntanzas, a palabra informal dos momentos distendidos, os diálogos amistosos no despacho ou nos corredores... nun estilo que non é o seu e que, polo tanto, lle produce insatisfacción.

E é que a comunicación leva consigo procesos ininterrompidos de codificación e decodificación do comportamento alleo. Constantemente procesamos os acenos, tons e palabras alleas conforme a uns códigos aprendidos desde a infancia e reforzados nas institucións das que formamos parte (a escola, o exército, a familia, o convento, a secretaria, etc.). O problema é que os códigos masculinos de infancia se trasladaron ao mundo laboral e constituíron en dominantes. Efectivamente, milleiros de mulleres pasan a súa vida laboral traballando nunha cultura cunhas tradicións e códigos que derivan da experiencia masculina, e onde a valoración de logros e méritos se realiza desde unha perspectiva masculina. É dicir, o estilo masculino de comunicación e interpretación constituíuse en hexemónico no mundo laboral: institucionalizouse dentro do espacio laboral ate chegar a interpretarse, non como o mellor, senón como o único posíbel. Desta forma, lexitímase o (inxusto) poder masculino e dáse autoridade aos homes, mentres se lles nega ás mulleres.

Decimos que unhas prácticas comunicativas (ou uns trazos dun estilo de comunicación) son hexemónicas nun determinado contexto e institución cando son máis valoradas que outras dentro desa institución, merecen maior recoñecemento e son asociadas con maior autoridade. Chamámolas hexemónicas ou dominantes porque non só quen as domina e utiliza como parte do seu repertorio comunicativo as cre máis merecedoras de mérito, valor, respecto ou credibilidade, senón que mesmo aquelas persoas que non saben manexalas participan de tal crenza, chegando mesmo a desprezar e denigrar as formas que elas mesmas coñecen e usan diariamente.





Gracias á hexemonía do código masculino, o comportamento comunicativo das mulleres nos ambientes laborais xúlgase como sinal da incompetencia, lentitude, timidez, dobrez ou capacidade de manipulación das mulleres. Mini-

mulleres son xulgadas e avaliadas, o seu comportamento (non idéntico ao do varón) serve de reforzo á hexemonía masculina nesas profesións, ao saír as mulleres malparadas pola aplicación de patróns masculinos de conducta.

autoridade das mulleres. Pero se, polo contrario, ocupando unha posición de poder, unha muller utiliza as estratexias comunicativas consideradas *femininas*, ao ser tales tácticas diferentes das dos homes na mesma posición, pode chegar a

## Gracias á hexemonía do código masculino, o comportamento comunicativo das mulleres nos ambientes laborais xúlgase como sinal da incompetencia, lentitude, timidez, dobrez ou capacidade de manipulación

mízanse as posíbeis virtudes femininas. Se fan preguntas, crese que dúbidan e carecen de criterio propio, se non alardean dos seus éxitos, non se considera que reúnan méritos para un ascenso, se nunha posición de poder dan rodeos para dar unha orde ou ao realizar unha crítica, carecen de autoridade.


E a imposición do estilo masculino no mundo laboral indefectiblemente redundará en beneficio dos homes fronte ás mulleres. Porque normalmente entramos a traballar en institucións ordenadas, nas que os varóns teñen unha longa historia nos postos máis altos, e nas que converteron as súas prácticas comunicativas nos hexemónicos. nesas institucións e baixo esas condicións as mulleres están sometidas a avaliacións externas e internas do seu labor que levan consigo informes, ascensos, melloras salariais, asignación de tarefas, cargos e responsabilidades. Por unhas prácticas comunicativas e non outras, contrátase, faise participar, recompénsase, rexéitase, promociónase unhas persoas fronte a outras. A unhas outórgaselles autoridade, a outras négaselles. Como as normas que rexen o discurso dos homes (así como o seu comportamento e ate os seus esparexamentos) convertéronse nas normas *profesionais* baixo as que as

Cando afirmamos que non só teñen xénero as persoas, estamos a dicir que tamén as institucións o teñen, e existen unhas regras non escritas pero implícitas que rexen se mulleres ou homes poden ter participación nelas e en que termos poden participar. É dicir, os traballos teñen xénero tanto polo número de persoas de cada xénero que predomina neles, como pola serie de presuposicións sobre o tipo de traballo a levar a cabo que fai que *vexamos* a persoas dun ou outro sexo realizándoo. Tamén polo estilo de comunicación que se asocia á profesión.

As mulleres en postos de poder, enchougadas a miúdo dos códigos masculinos hexemónicos de valoración, e desexosas de adaptarse á institución na que emprestan os seus servizos, utilizan ás veces estratexias de comunicación de autoridade máis masculinas. O problema é que, ao ser enunciadas desde un corpo de muller, non se recoñece a súa autoridade. Investigacións levadas a cabo sobre como se avalía a mulleres que expresan as súas mensaxes de forma demasiado directa e asertiva proban que á xente (tanto a mulleres como a homes) non lles gustan, calificándoo de pouco femininas. Por outra parte a súa influencia é case nula cos homes, quen se resisten á

percibirse a muller como ser manipulador e falso.

En ambos casos sitúase o problema nas mulleres e acéitase a experiencia masculina como a norma ineludíbel. Hai unha tremenda resistencia a admitir a existencia dunha estrutura de xénero na propia conceptualización do traballo e da empresa. A *igualdade* sempre se xulga tomando por medida un patrón masculino de conducta. Se as mulleres o imitan, ademais de auto obrigarse a realizar un esforzo considerábel con poucos visos de éxito (nunca soarán abondo *dominantes* ou soarán *excesivamente mandonas*), están a reforzar esa suposta superioridade do comportamento masculino. Iso conlevaría a lexitimación do sexismo social que outorga maior valor, autoridade e credibilidade a un dos sexos.

Falar en público, tomar a palabra no mundo laboral supón ocupar (e alterar) durante un momento un espazo de poder ao que ás mulleres se lles negara o acceso durante tempo. Está ben que o ocupen, coa súa forma de dicir, entender e actuar. Se non é así, se ven obrigadas a travestirse (comunicativamente) en varóns, ségueselles negando o acceso. 

# Si, quero

LAURA GÓMEZ

Quero a aprobación da lei de reforma do Código Civil que permita o matrimonio entre persoas do mesmo sexo en plena igualdade de dereitos cós matrimonios entre persoas de distinto sexo, incluída a posibilidade de adopción. Prefiro chamar as realidades polos seus nomes máis exactos, dado que un matrimonio entre persoas do mesmo sexo non implica necesariamente un matrimonio entre persoas homosexuais, do mesmo xeito que un matrimonio entre persoas de distinto sexo non implica que sexa necesariamente entre persoas heterosexuais, coma tampouco existe a existencia dun vínculo amoroso entre as persoas que van contraer matrimonio.

Á marxe do matrimonio canónico, competencia da Igrexa e no que a sociedade laica non se inmiscisce (non lle vou dar aquí á ofensiva da xerarquía eclesiástica e de asociacións confesionais católicas contra este proxecto de lei máis cá consideración dunha opinión, aínda sendo consciente do seu talante coercitivo e malintencionado), o matrimonio civil é un contrato de unión solemne entre dúas persoas que require dunha forma moi concreta regulada no Código Civil. Sendo esa modificación aceptada pola maioría da sociedade do Estado Español, a aprobación no Parlamento da devandita lei parece viábel.

O contrato matrimonial non deixa de ser máis ca un tipo de contrato, agora ben, un contrato privilexiado por riba doutras posibilidades de regular a convivencia entre dúas persoas. O seu privilexio xerou polo tanto a maiores un imaxinario social de respectabilidade.

Feitas estas aclaracións que me parecen importantes, cabe salienta o papel dos colectivos GLBT (de gais, lesbianas, bisexuais e transsexuais), cun protagonismo fundamental na demanda da aprobación desta lei que pretende incluír tamén a adopción, no camiño de acadar un status definitivo (canto menos nominal) de igualdade de toda a cidadanía. De feito, algunhas das persoas representantes destes colectivos xa teñen anunciado as súas respectivas vodas coas súas parellas do mesmo sexo, en canto a reforma entre en vigor.

Persoalmente nunca fun partidaria da institución matrimonial, nin dos seus privilexios nin das súas tácitas ou expresas obrigas, senón de relacións co maior grao de liberdade posíbel nas que nada se dea por feito e todo se negocie. Con todo, sobre a utilidade da devandita reforma non teño ningunha dúbida. Considero progresista apoiar esta lei que vai posibilitar casar ás persoas do mesmo sexo que queiran facelo. In-

dependentemente de que o fagan por elección persoal, por elección política ou mesmo por ambas razóns, estas primeiras vodas serán a valente avanzada dunha situación con escasísimos e significativos precedentes nos países que recentemente teñen aprobado medidas análogas. Agardo que a medio prazo a posibilidade de *legalizar* estas relacións deste xeito concreto contribúa de maneira decisiva á ruptura do tabú sobre a homosexualidade e a bisexualidade, coma ocorreu nos seus respectivos momentos cos matrimonios –heterosexuais, claro– interétnicos, coas parellas de distinto sexo que escolleron vivir xuntas sen casar, coas persoas que escolleron non vivir xuntas sendo parella, coas persoas separadas e divorciadas, coas persoas que elixiron quedar solteiras, coas mulleres que viven soas, cos homes que viven sos, coas familias monoparentais ou *monomarentais*...

Por outra banda, a tan discutida posibilidade de adopción dará lugar a novas formas de filiación, parentesco ou *marentesco*, introducindo máis diversidade nas estruturas familiares, que precisarán de novos regulamentos xurídicos, o que en definitiva configurará

<sup>1</sup> Tirado da entrevista publicada na revista *Zero*, núm. 68 (2004).



unha sociedade máis desenvolvida. Como di a etnóloga francesa Anne Cadoret, autora dunha obra de investigación sobre familias homoparentais, *Padres como los demás* (Paidós, 2003), «[...] tanto os homes coma as mulleres deberían ser capaces de educar un neno [...]»; e sobre a priorización do parentesco apoiado no biolóxico comenta: «[...] limitarse ao xenético na filiación ou dar ao xenético todo o peso para definir a filiación é permanecer no nivel cero da cultura, é suprimir todo espazo cultural e quedarse na barbarie. Os gais e as lesbianas non poden acoutarse ao xenético, porque as súas relacións non son procreativas. Están obrigados, queiran ou non, a definirse no social».<sup>1</sup>

Quen teña dúbidas sobre o benestar e a educación de nenas e nenos coma fillos dunha parella ou persoa homosexual ou bisexual, debe indagar sobre a angustia que, ata non hai moitos anos nesta sociedade (sen que teña deixado de ocorrer actualmente), nenas e nenos, conscientes desde a infancia ou adolescencia da súa homosexualidade, bisexualidade ou transexualidade sentiron sendo criados como fillos dunha parella de distinto sexo, sen referentes sobre a súa tendencia ou tendo como referencias persoas estigmatizadas no marco social do sexo biolóxico e a heterosexualidade obrigatorios. Lembremos que aínda a incompreensión e a intolerancia social sobre a homosexualidade constitúe

a primeira causa de suicidio adolescente nos Estados Unidos.

Agardo que as novas realidades que xurdan a partir da aprobación desta reforma do Código Civil vaian construíndo un novo imaxinario colectivo no que a historia GLBT non sexa máis eliminada ou silenciada, no que calquera poda recoñecer e identificar historias e persoas –novas e anciás–, parellas –casadas ou non– e familias que constitúan referentes gais, lesbianas, bisexuais ou transexuais positivos e imitábeis, porque iso significará que viviremos nunha sociedade de entramado máis flexible, máis xusta e igualitaria.

Pero non nos enganemos, isto non resolverá o problema de fondo: o dereito a ser diferentes sen ter que pagar por iso o alto custe que a sociedade impón. Porque, xa que o matrimonio non é máis ca un contrato que regula os termos de convivencia entre persoas, ¿por que non pode ser un contrato de tres (sen que teña relevancia de que sexo)?, ¿por que excluír o incesto?... Non abondará con que a *heteronormativa*, é dicir, a heterosexualidade coma norma social, teña data de caducidade –cando iso chegue, aínda que xa será moito–. Non abondará mentres se sigan a estigmatizar comportamentos sexuais (entendendo que falamos de sexo consentido entre xente adulta) tan antigos como a propia humanidade, non, mentres o respectábel estea baseado no comportamento sexual das persoas, en lugar de na honradez, na solidariedade, no respecto ás diferencias, na responsabilidade cidadá e na convivencia pacífica e negociadora. ☞

**Pero non nos enganemos, isto non resolverá o problema de fondo: o dereito a ser diferentes sen ter que pagar por iso o alto custe que a sociedade impón**



# Helena

## Historia cultural e literaria de dous modelos antagónicos de muller



ANA FRAGA

No ano 412 a.C, represéntase *Helena* de Eurípides por primeira vez. Atenas comeza a declinar no seu poder imperialista, pero os froitos culturais da cidade asentada nos principios democráticos a respecto da política interna, aínda que existan períodos involucionistas — están a chegar nese século IV que vai encetar—. E é nese intre cando Eurípides dá, no seu drama, o re-

sumo do seu pensamento sobre os valores que deben rexer no ámbito da familia, e, moi especialmente, a moral que se considera correcta para a muller civilizada, para a muller ateniense. Faino coa creación de dúas Helenas antitéticas, a mala e a boa Helena.

Ao atribuír a unha soa figura feminina os modelos negativo e positivo de seren muller, muller que

se concibe primordialmente como esposa, non fai máis que completar e resaltar con maior nitidez os valores contrapostos que xa foran apuntándose en figuras como as de Clitemestra / Electra, xa dende Esquilo, é dicir, dende os momentos da época de Pericles, pero máis aínda noutras obras de Eurípides: *Fedra* / *Hipólito* ou *Hermíone* / *Andrómaca*. Trátase de opoñer a muller

lasciva, amante do sexo, propensa á infidelidade, á muller casta, absolutamente fiel e dobregada ao home, modesta, humilde e nada fachendosa. Castidade que é valorada como positiva en si mesma e que na representación teatral se subliña nesta obra coa figura de Teónoe que complementa o protagonismo da boa Helena. Teónoe é a concreción teatral da valoración positiva da virxinidade: a muller que pode

Canto a Helena, o *tour de force* que a converte ao mesmo tempo en modelo positivo e negativo, realízase a traveso dunha complicada historia que logra conservar nela a tradición da muller maldita, a muller fuxida con Paris, o fermoso Paris, abandoando o seu marido e provocando desa forma a guerra de Troia, e unha Helena de nova creación, refuxiada en Exipto, na casa de Nereo (antigo deus

ción dramática pola súa resistencia a un novo tálamo que lle produce horror. Deste xeito, a mala e a boa Helena van quedar perfectamente debuxadas nunha serie de caracteres contrapostos:

Boa Helena	Mala Helena
Fiel ata a morte	Infíel
Amante dun só home	Amante de sucesivos homes
Casta	Lasciva
Modesta	Exhibicionista

A mala Helena non tiña necesidade real de ser novamente definida pois xa era un lugar común ao longo da historia da traxedia. Esquilo, como dixemos, xa a tiña retratado como «perdedora de homes» e como «calamidade conxugal». Helena habería inficionado con ese carácter a cantos outros personaxes se presentasen como figuras teatrais próximas: así Clitemestra, na *Orestía*, proclive á infidelidade e á vanidade como irmá de Helena e Hermíone, a súa filla, vanidosa e amante do sexo, aínda que non infíel, na *Andrómaca* de Eurípides. As invectivas que este mesmo autor pon na boca de un gracioso corifeo no drama satírico *O Cíclope* revelan ata que punto o público ateniense despreciaba xa a antiga figura, que xa cambiara o significado do seu antigo mito<sup>3</sup> e

# vs. Helena

[...] a rehabilitación de Helena [...] insistirá nunha conducta absolutamente contraria á da tradición creada para ese personaxe nefasto, é dicir, será mártir, ela mesma, da fidelidade, tomada como valor supremo da conducta digna dunha muller

condear a Afrodita, a deusa clásica da sexualidade na mesma Atenas, porque voluntariamente ten elixida unha vida sen sexualidade. A novidade desa figura é evidente no universo mental grego e, como figura precedente da virxe cristiá, o seu parlamento lembra as características que terá xa para sempre o modelo da muller consagrada: é piadosa, xusta e prescinde na súa vida do desexo sexual:

Nacín piadosa e quero seguir sendo así. Respétome a min mesma. No meu interior álzase, dende o meu nacemento, un magno santuario de xustiza, polo sentido da equidade que teño recibido de Nereo, eu salvarei a Menelao. Darei o meu voto a Hera, pois ela desexa o teu ben. E que Cipris (Afrodita) sexa para min favorable, por máis que non houbese trato entre ela e eu, pois aspiro a ser virxe para sempre. (*Helena*, vers. 999 e ss.)

marino, convertido en rei) mentres ocorren os fatais acontecementos de Troia, e que foxe dun novo matrimonio co asediante Teoclímeno, fillo de quen otourou a acollera benevolamente. A improbable peripécia, baseada nun antigo poema de Estesícoro<sup>1</sup> relata unha nova historia, froito dun miragre de Hera, protectora do matrimonio e da procreación en Atenas, quen, oponéndose aos designios de Afrodita, impide o rapto real, substituíndo a Helena por un *simulacro*, unha especie de robot milagroso, que é quen realmente foi levado a Troia. Contra aquela Helena tradicional, a de Troia, que xa fora denostada por Esquilo –«Ai!, tola, tola Helena que tantísimas vidas segaches»<sup>2</sup>– diríxense os insultos dos diversos personaxes, do coro e ata da propia «boa Helena», definida na ac-

<sup>1</sup> A existencia dun poema titulado «Palinodia» ou «Retractación» fainos sospeitar que a tradición de culpar a Helena dos males da guerra de Troia, que na traxedia atopamos xa en Esquilo, e mesmo anterior. Estesícoro, grego da Magna Grecia, data do século VI.

<sup>2</sup> *Agamenón* vers 1455.

<sup>3</sup> Cf. o apéndice engadido a orixe primitiva da figura de Helena en *Some traces of the praeolympian world in greek literature and Myth*, Butterworth 1966, Walter de Gruyter B, N. York.

mesmo o da narración homérica nas aras da nova interpretación netamente ateniense, que absorbía e aculturaba nos seus propios mitos e valores:

E despois de tervos apoderado da rapaza (Helena), non a furachedes todos, un por un, xa que lle gusta andar cambiando de esposo? A esa traidora que, ao ver uns calzóns rechamantes preto das súas pernas e o aro de ouro que levaba ao pescozo (Paris) abandonou a Menelao, ese bon home. Nunca tiña que ter nado en ningures a raza das mulleres, si non son para min só, claro! (*O Cíclope*, vers. 179 e ss.)

Como nun eco, tamén en Helena, o recién chegado de Troia, o guerreiro Teucro, alporízase á vista da muller que lle recorda a que deixou atrás:

onde os homes se disputan as cautivas, pero non existe esa preocupación primordial pola honra marital:

Helena: Recuperaches á muller espartana?

Teucro: Menelao levouna, arrastándoa polos cabelos.

(*Helena*. Vers. 115 e 116)

Mais é a propia Helena, caracterizada xa como boa, a que, máis sorprendentemente, volve ao tema da honra, chorando a desgracia dos seus, que coñece polo recién chegado Teucro: a súa nai, a divina Leda, suicidouse aforcándose; os seus irmáns, os tamén divinos Cástor e Pólux, déronse morte coa espada. A incongruencia deses finais trágicos, para eses seres divinos, aínda adorados en Esparta,

como valor supremo da conducta digna dunha muller. O suposto suicidio propio, ante a insistencia do rei que a ten acollida, Teoclímeno, e ante o horror dun novo tálamo, repítese en varias ocasións. A boa Helena imaxina e detalla mesmo as formas nas que levará adiante o seu propósito:

Porque, se vivise o meu esposo, haberíamos de nos recoñecer por certos sinais que somentes el e mais eu sabemos. Pero agora non é posíbel e el endexamais voltará. Por que estou aínda viva? Cal é a esperanza que teño? Contraer unhas novas nupcias para que as miñas desgrazas se repitan? Vivir na compañía dun bárbaro, sentándome á súa opulenta mesa? Mais cando o propio corpo é odioso, é mellor morrer. Como non ía a estar ben a morte para min? (*Helena*, vers. 290 e ss)



Paris e Helena de Jacques-Louis

Estou vendo a odiosa imaxe da sanguinaria muller que me perdeu a min e a todos os Aqueos. Que os deuses te rexeiten cuspidote pola túa semellanza con Helena. (*Helena*, vers. 71 e 72)

E despois introduce o tema da vinganza pola honra do marido, describindo un violento encontro entre os dous esposos, que tivo lugar supostamente na toma de Troia, episodio totalmente contrario ao clima homérico da Iliada,

non parece que alporice o autor, que se limita a supoñer cal sería a reacción natural dunha nai ou duns irmáns nos tempos actuais, se fosen deshonrados pola conducta dunha filla ou dunha irmá. Polo tanto, a rehabilitación de Helena, a caracterización de Helena, insistirá nunha conducta absolutamente contraria á da tradición creada para ese personaxe nefasto, é dicir, será mártir, ela mesma, da fidelidade, tomada

**A sorpresa medieval é a aparición, nunha parte importante do Occidente, e dentro das estruturas feudais, dun novo modelo positivo de muller sexuada, e ademais adúltera, que nace no ámbito da cultura cortesá**

Vergoñento é guindarse dun lazo e non parece conveniente nin para os escravos. Degolarse é máis nobre e fermoso. E é tan breve ese intre que nos libera da vida! (vers. 300 e ss.)

O autor segue a debuxar o personaxe no encontro entre os dous esposos. A fidelidade e o froito do amor, presentado sen os inconvenientes que ostentaban as figuras de anteriores traxedias, como Medea ou Fedra, e sen a tristeza doutros, co-

mo Alceste. Temos aquí o amor debido ao esposo, amor que se presenta nesta ocasión con viso de amor romántico:

Ouh Menelao, o home máis querido! Longa foi a ausencia, pero o pracer me foi devolto. Miñas amigas, eu son feliz, teño diante de min o meu esposo e podo rodealo cos meus brazos. (*Helena*, vers. 628 e 629)

Ouriza o meu peluxe de tanta alegría, mesmo me caen as bágoas ao te apertar para sentir o meu gozo, ouh! meu esposo. (Vers. 634 e 635)

A modestia, é afirmada tamén pola propia Helena, ao renunciar a outro dos caracteres tradicionais, mesmo dende os antigos mitos, o da beleza resplandecente, a posesión do atractivo sexual, os bens de Afrodita:



Afrodita

Ogallá esta beleza puidese borrarse como se borra a pintura e os trazos da miña cara se volvesen horrendos no canto de fermosos (vers. 262 e ss.)

Os dones cos que Cipris me adornou enxendraron moito sangue, moitas bágoas, trouxeron a dor, choros, sufrimentos. As nais perderon os seus fillos, as doncelas, irmás dos mortos, depositaron as súas cabeleiras a carón do leito do río Escamandro. A Hélade botou un berro de dor. O meu corpo foi o que arruinou a cidadela dardania e sembrou a morte entre os aqueos! (vers. 356 e ss)

Ningún dos personaxes creados por Eurípides segue, polo tanto, a tradición mítica de Helena: deusa da beleza e do amor como Afro-

ditá, nun primeiro momento e despois, incluso na *Iliada*, raíña cautiva, preferida de Afrodita e esposa admirada e desexada por ámbolos dous bandos contendentes. A partir de agora a disxuntiva está trazada, non só para Helena, senón para os modelos antitéticos de muller que se ían manter durante séculos sobre a base dunha castidade absoluta, co seu grao máximo de perfección posto na virxitude, proposta na figura de Teónoe, fronte da proclividade ao pracer sexual, denostado tanto na «má Helena» como na súa protectora, Afrodita, que aparece nesta obra como deusa casquivana que se pon inoportunamente a rir cando todos os deuses e deusas choran a

a permisividade da glorificación do amor licencioso (Ovidio, Catulo), e chegará, extremado xa, ás valoracións do só aparentemente novo universo ideolóxico cristián. A figura chorosa dunha Mónica de Tagaste é aínda a de unha boa matrona romana, iluminada agora polo seu Deus, un deus, como o do seu fillo, profundamente influído polo pensamento platónico. O extremismo das opcións cristiás, a favor da virxitude, e non só da castidade da esposa, levará incluso á desaparición dun modelo semellante ao da Helena de Eurípides: caseque non existe no santoral cristián a figura da matrona fiel, como modelo válido de seu, pero abundan as virxes e as viúvas con-

[...] a disxuntiva está trazada, non só para Helena, senón para os modelos antitéticos de muller que se ían manter durante séculos sobre a base dunha castidade absoluta, co seu grao máximo de perfección posto na virxitude, proposta na figura de Teónoe, fronte da proclividade ao pracer sexual, denostado tanto na «má Helena» como na súa protectora, Afrodita [...]

disgracia de Deméter e só pensa na felicidade da súa beleza. «Mais ti loubábaste somentes pola túa beleza» (vers. 1354). Afrodita, a causante última da guerra de Troia, aparece tamén enfrontada coa seria Hera, que é a deusa que evita o adulterio de Helena (paradoxicamente, non o engano, nin a guerra, reducindo dese xeito as cuestións morais ao ámbito familiar, como ocorrerá tamén nos séculos futuros no Occidente cristiánizado). Modelos de muller que ían ser compartidos polo universo ideolóxico latino, aínda que certos autores e poetas poidan se permeter

sagradas enteiramente aos afáns relixiosos.

A sorpresa medieval é a aparición, nunha parte importante do Occidente, e dentro das estruturas feudais, dun novo modelo positivo de muller sexuada, e ademais adúltera, que nace no ámbito da cultura cortesá que ten o seu esplendor nos séculos XI e XII para acabar destrozada ben cedo pola mesma evolución social, pero tamén por medios coactivos, incluída a represión penal da Inquisición ou mesmo polas armas, no sur de Francia, coa cruzada anti-albixense levada a cabo pola Igrexa

e un Estado francés unidos por distintos intereses de poder ideolóxico e político, ou ben asumida parcialmente, pero cun importante cambio de senso pola mesma cultura eclesiástica, que difunde un novo amor á dama, purificada, no ámbito relixioso co amor e devoción á Virxe, e no ámbito literario coa idelización do amor e o alon-

Tristán e Iseo, «Bela amiga, así ocorre entre nós, nin vós sen min, nin eu sen vós», a expresividade da trovadora «Ben voldría, mon cavallier, tener un ser en mes bratz nut»,<sup>6</sup> complétase coas declaracións de Hadewiich de Amberes, cos seus tientes relixioso-panteístas, de gozo primaveral e amor divino «Ai! Enamoreime do amor».

dadá e o cambio das formas legais da herdanza, cada vez máis cinguidas á forma agnática, baseada no reinstaurado ou revalorado dereito romano. Aínda así, o declive dos conceptos amorosos farase paseño e aínda tardarán en ser substituídos definitivamente como tema polo da honra, que será dominante nos séculos XVI e XVII. Mais,

### Beatriz / María non é somentes a muller casta e fiel, senón a muller asexual, único modelo proposto tanto á muller casada, destinada á procreación, como á virxe consagrada

A valoración do amor, sen cortes que separen o corpo do espírito é un dos rasgos que comparte esa cultura, que chega ás veces a espazos ben alonxados do seu medio natural, as cortes nobiliarias, como sucede nas expresións de amor de Eloísa, nas súas cartas a Abelardo.<sup>7</sup> Marirí Martinengo apunta, no seu prólogo á edición dos poemas de trovadoras que vimos de citar, que xa nese final do século XII e comezos do XIII, coa auxe da escolástica comenza o conflito entre esa nova mentalidade, ao mesmo tempo burguesa e eclesiástica, e as antigas culturas monástica e cortés<sup>8</sup> (e lembremos que unha das primeiras das súas autoridades é precisamente o pusilánime amante, Abelardo, e que pronto dará enxendros como o final de Jean de Meung para o *Roman de la Rose*<sup>9</sup>, cun senso tan anticortés e mesmo anti-feminino, que provocará a indignación dunha sabia dama atenta aos cambios ideolóxicos, Cristina de Pizán). Outras autoras e autores, como dixemos, sinalan os cambios producidos nos sistemas económico e social, co avance imparábel da burguesía ci-

dende agora, e progresivamente, o que desaparece neses conceptos é a muller real, o corpo feminino, a expresión sexual. En todo o longo poemario de Petrarca (1304-1374) só en raros versos se vislumbra a presenza real de Laura, apenas unha mirada esquiva, unha figura contemplada baixo o sol radiante:

<sup>4</sup> Existe bastante literatura sobre o cambio cultural acaecido. É sinalado por Martín de Riquer na súa *Historia da Literatura Universal* (Planeta) e en moitos artigos entre os que sinalamos «¿Tuvieron las mujeres Renacimiento?» de Joan Kelly, en *Historia y Género: Las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea* (Edición S. Amelang y Mary Nasch).

<sup>5</sup> *Los lais*, Madrid, Siruela, 1987.

<sup>6</sup> Marirí Martinengo: *Las Trovadoras, poetisas del amor cortés*, Madrid, Horas y Horas, 1997.

<sup>7</sup> *Cartas de Abelardo y Heloísa*, edición de Carme Riera, Palma de Mallorca, J. J. de Olañeta, 1989.<sup>8</sup> *Las Trovadoras*, edición citada, páx. 17-33.

<sup>9</sup> Cf. a versión española, resumida, *El libro de la Rosa*, Madrid, Siruela, 1986. O cambio de ton e de intención é visíbel en calquera das historias e discursos dos distintos autores, Jean de Lorris e J. de Meung.



Escultura de Paris

xamento físico dos amantes.<sup>4</sup> Mais no seu momento de esplendor toda a literatura aparece impregnada por un sentido do amor, sen medo á súa expresión física e produce autoras como María de Francia, ou a Condesa de Die: A graza narrativa da primeira no lai *A Madre-selva*,<sup>5</sup> ao relatar a mensaxe cifrada ente os dous amantes adúlteros,

E admirado eu verei por un só intre a miña dama estar sobor da erba e facerse sombra cos seus propios brazos  
(Soneto XXXIV)

Máis acusada é aínda a idealización feminina en Beatriz. O Dante mozo consúmese nunha paixón sen máis destino que o seu propio lume. Lume que admiran as dami-

cia, cara ao fin do século XIII, como apuntabamos, pero atopando continuadores, no mesmo escenario, xa no século XIV, na disputa que contra del promove Cristina de Pizán, coa soa excepción do canceller da mesma Universidade, Jean Gerson.<sup>11</sup> Citaremos só as palabras condenatorias de todo tipo de amor cortés, no ben bautizado

nón a muller asexual, único modelo proposto tanto a muller casada, destinada á procreación, como á virxe consagrada. E xa, na creación literaria, aparecen pálidas figuras, como Desdémona, inocente xoguete da preocupación pola honra de Otelo, sospeitosa por o ter amado por riba da preocupación pola honra do pai, nin sique-

## A dicotomía Helena / Helena [...] segue intacta ata a chegada e a proliferación subseguinte dunha literatura feita por mulleres, e sobre todo a partir dunha literatura nada a carón do movemento feminista xa ben entrada a segunda metade do século XX

ñas da sociedade burguesa florentina, xa ben coidadosas da súa propia honra, ás que ten que explicar a validez dese amor sen compañía:

Damas, o fin do meu amor foi noutrora o saúdo á miña dama, o que seguramente vos sabiades, e niso residía a miña felicidade, poi era o fin de tódolos meus desexos. Pero, despois de que ela mo quixese negar, o meu señor, Amor, puxo a miña felicidade no que non pode me fallar: a louvanza da miña dama. (*A vida nova*)<sup>10</sup>

Louvanza da súa dama, á que dedicará no só todos os seus poemas da mocidade senón que chegará á idealización perfecta no seu longo poema da madurez, *A Divina Comedia*, convertendo a Beatriz na reveladora do Amor absoluto, o Amor-Deus, igual e ao lado de María.

A disociación corpo-espírito está consumada e complementase co insulto ou a broma, a condena ou a caricatura do amor carnal pero sobre todo da muller que Boccaccio (1313-1375) fará presente en Italia, e os dous arciprestes no noso ámbito cultural, pouco despois de que xa Jean de Meung, o reputado profesor da Sorbona, o fixera en Fran-

popularmente como «Corbacho», aínda que o autor quería que perdurase como «Arcipreste de Talavera»:

E más te digo: que la más sotyl muger de estado, que del rey sea amada, nunca su ser nin fama será en el estado como fazer sola.

E non creo que onbre o fembra, por de tan alto linaje que sea, que non le sea feo e deshonesto amar.<sup>12</sup>

Velaí explicitamene proclamado o novo valor supremo: a honra, a fama, ligada a unha conducta feminina que a vai facer moi volátil, segundo o misóxino autor, pois a muller, proclive a unha sexualidade desatada, o é tamén á mentira, á cobiza, á envexa, á soberbia, isto é, a todos os males morais imaxinábeis.

Se nos detivemos no proceso medieval deica ese momento no que o amor, como tema literario, perde o seu posto protagonista, foi para reseñar a forma na que a dicotomía de modelos se reúne no imaxinario occidental co pensamento clásico. Por desgraza extremado a contraposición atopada por Eurípides. Beatriz / María non é somentes a muller casta e fiel, se-

ra solicitada polo home que quere servirse dela. E máis tarde, as mulleres do primeiro Romanticismo, como a Carlota de Göete, dobregada ás institucións matrimoniais, ata o punto de permanecer caseque impasíbel ante a paixón de Werther.

Pola contra, aínda que sexa ás veces con finais exemplarizantes e outras cunha solapada crítica ós valores socialmente admitidos, mantense a figura da muller sexual, decidida a saltar por riba da barreira dos prexuízos da honra. É primeiro a resistencia dos valores cortesés en certos medios cortesáns e mesmo burgueses, en figuras como a de Mirabella (*Historia de Grisela e Mirabella*) e en xeral en toda a Novela Sentimental do sé-

<sup>10</sup> Traducido do castelán da edición de Alianza Editorial, *La vida nueva*, Madrid, Alianza, 1986.

<sup>11</sup> Cf todo este episodio de loita feminista en *Cristina de Pizán*, ed. Régine Pernoud, Palma de Mallorca, J. de Olañeta, 2000.

<sup>12</sup> *Arcipreste de Talavera o Corbacho*, edición J. González Muela, Madrid, Castalia, 1982.

culo XV ou na admirabelmente ben debuxada Melibea de Fernando de Rojas, que rexeita o novo valor da honra coa súa opción de ser mellor boa amante que mal-casada, é dicir, casada por razóns de conveniencia económica ou de poder. Cervantes, xa moi excepcionalmente, compón a figura da muller cruelmente pechada nos muros derrubados pola picardía e a súa propia inocencia no *El celoso extremeño*. E, pese ao silencio case absoluto na época considerada clásica nas máis importantes literaturas europeas, reaparecen, no teatro francés, as figuras apaixonadas do teatro clásico ateniense, a Fedra e a Medea de Corneille e Racine, mesmo que sexa coa mesma carga de censura que as súas precedentes gregas. O tema da muller adúltera farase de novo central, xa con certo matiz de crítica dos valores patriarcais e da sociedade baseada nos poderes económicos en toda a novela realista, deica *Madame Bovary* ata as máis próximas españolas como *La Regenta* de Clarín, ou as figuras libres da moral burguesa das clases proletarias creadas por Galdós ou a condesa de Pardo Bazán, sempre en contraste coas mártires desamoral na clase superior (Fortunata e Jacinta, Sabela e Nucha, etc.).

A dicotomía Helena / Helena, subxacente en todas esas figuras, for a que for a opción moral ou a intención crítica dos distintos au-

tores, segue intacta ata a chegada e a proliferación subseguinte dunha literatura feita por mulleres, e sobre todo a partir dunha literatura nada a carón do movemento feminista xa ben entrada a segunda metade do século XX. Aparecen, ao principio con gran impacto na opinión pública, (recordemos, por exemplo o impacto de *O cuaderno dourado* de Doris Lessing, á que se denomina feminista, mesmo aunque ela non se vexa como unha figura preeminente dese movemento), as figuras de mulleres que elixen os seus propios destinos, e




mesmo as formas de expresión sexual. Son mulleres que gozan e sofren, que viven inmersas nunha sociedade cambiante, e cuns supostos límites, que, ás veces, elas deciden superar, saltando as normas e ata outras apetencias para vivir unha paixón, unha circunstancia difícil,

etc. A longa lista de figuras femininas creadas sería interminábel mais mencionarei unicamente para terminar as protagonistas de dúas obras recentes: a Beatriz de Lucía Etxebarria en *Beatriz y los cuerpos celestes* é a antítese da Beatriz de Dante, é a muller que vive con toda naturalidade a súa sexualidade feminina e conta, en primeira persoa, as eleccións sucesivas, segundo os momentos aos que a conduce a acción novelística e a une a unha ou outra parella, hetero ou homosexual. A protagonista de Zoé Valdés, de *Querido primer novio*, chamada Dánae, salta todos os límites da súa vida, ata daquela considerada *normal*, de muller casada e con fillos, para recuperar unha historia de amor homosexual que vivira con intensidade na adolescencia, e, non só revive sentimentalmente a súa historia senón que busca e atopa o ser amado e logra reunirse con el. Ámbalas dúas protagonistas, son figuras totalmente alonxadas dos prototipos impostos durante séculos pola ideoloxía patriarcal dominante. A súa pureza non é a da muller asexuada, senón a pureza da intensidade. Helena / Helena, a dicotomía imposta, parece quedar lonxe, mesmo que aínda poderosos medios de comunicación sigan facéndoa vixente e aínda perduren as estruturas legais e económicas que apoian caseque en exclusiva a familia nuclear patriarcal. <sup>6</sup>



# Prostitución a debate

Un dos temas máis debatidos e controvertidos do feminismo, a prostitución, foi o tema de reflexión que Andaina organizou en Santiago os pasados 3 e 6 de novembro no Auditorio de Galicia.

Unha visión da prostitución posta en voz alta, desde fóra por persoas que teñen investigado o tema, e tamén desde dentro, desde as propias traballadoras do sexo como Pye Jacobsson, que denunciou a situación do caso sueco, proposto como modelo por algunhas persoas e institucións. 

# Carmen



## As lembranzas sobre o seu casamento: unha voda do ano 1953

 ANNA AMORÓS PONS

Naquel entón, unha voda era unha gran festa [...] poñerse o mellor vestido, ofrecer boa comida, que saíse un bon día, moito baile e «traca» (foguetes).

Con estas palabras resumía Carmen, *la Polita* o que significaba celebrar unha boa voda a principios da década dos anos cincuenta. A tía Carmen naceu en 1926, nunha familia numerosa de sete irmáns, sendo a filla primoxénita. Á idade de 27 anos casou, despois dun longo e serio noivado de oito anos, co tío Pepe:

Pepe vivía cerquiña da casa dos meus pais [...] coñecíamolos desde nenos [...] levamos xuntos toda a vida... O ano pasado celebramos as Vodas de Ouro!

Carmen e Pepe casaron unha soleada mañá dun sábado de xaneiro do ano 1953:

A data da voda acordárona os nosos pais, o día da petición de man. Recordo que aquel serán o meu futuro marido regaloume un reloxo de pulseira, de pequena esfera cadrada e cadea dourada. Un reloxo que sempre me poñía nas boas ocasións!... igual que os pendentos de ouro e perlas cos que me obsequiaron os meus sogros uns días antes da voda.

Naquel entón preparar unha voda con máis de cen convidados levaba moito tempo, moito traballo e moitas preocupacións:

É verdade... porque todo se facía moi diferente ao de agora! [...] o vestido facíao unha costureira a medida, o banquete celebrábase na casa dos pais do noivo, amigas e familiares servían a mesa, a comida cocíñábana unhas cocíneiras uns días antes, a perruqueira peiteábase na casa...

## Lembranzas dunha época

Carmen viaxou ata a cidade, acompañada da súa nai, a mercar a tea para o vestido de noiva:

Si, recordo perfectamente!... mercamos raso turquesa de cor perla e tul branco para o velo, unhas luvas de encaixe branco... e despois os zapatos de salón, que tamén eran brancos!

Entre lembranzas e confidencias, Carmen coméntanos que para unha ocasión tan especial confiou plenamente no bon gusto da modista:

Aínda hoxe cando vexo o retrato de noiva (neste intre, Carmen queda mirando fixamente cara á fotografía colgada na parede da esqreira da súa casa) penso que Trini fixome un vestido moi elegante: colo camisero, con máis de vinte botóns de raso, manga longa puntiaguda, unha inmesa cola de máis de catro metros e un veo moi longo...

Ah, e o ramo! era de flores naturais igual que o tocado do pelo que me peiteou Pepa, *a Estanquera*.

Un vestido que Carmen, con moito cariño, gardou durante anos:

Si!, pero un día a miña filla Mari Carmen disfrazouse con el e xunto coa túa irmá Amparo, que levaba o traxe de noivo do teu pai, paseáronse polas rúas do pobo... e xa eran todas elas unhas mozas!... Miña madriña, cando vin o vestido!

Tal e como establecía a tradición, a noiva saíu da casa acompañada polo padriño, despois de escoitar a choiva de «traca». O paseo pre-nupcial camiño da Igrexa San Cristobal fixoo andando pola rúa. O seu pai levouna ata o altar e alí esperaba o tío Pepe. Unha vez xa casados voltaba a se escoitar de novo «traca» na porta da igrexa. Despois da cerimonia, os noivos, familiares e convidados ían a casa dos pais do noivo –a Ca Romaguera–, onde tería lugar o xantar:

Sobre as doce servíase chocolate con ensaimadas, doces e licores [...] mentres nós aproveitabamos e íamos facernos as fotos á capital, a Casa Julián, un retratista moi coñecido que tiña o estudio cerquiña da Praza de Touros [...]. Iamos no taxi de Folk, un precioso automóvil negro, moi elegante!

Neste intre, Carmen colle dun caixón da cómoda una pequena caixa de cartón, onde garda os retratos da voda, unhas 15 fotografías en branco e negro, encadernadas nun álbum forrado de pel de serpente e borlas de pasamanería de cor verde [...]. Despois da sesión fotográfica, os noivos volven ao pobo, a casa dos sogros, pois o banquete comezaba ás tres:

A mesa ía desde a entrada da casa ata o porche e toda ela estaba chea de comida, paella, polo, galiña, coello, limonadas, viño, pasteis e tarta de améndoas. Era un bo banquete! [...] Recordo que os convidados regalaban unhas vinte pesetas e naquel entón eran moitos cartos.

A festa estivo amenizada ata a noite pola música dunha acordeón. Ao día seguinte voltaban de novo á cidade pero esta vez era en viaxe de noivos:

Nada de hoteis! Fomos a casa da miña madriña... e con toda a súa familia. A lúa de mel durou dous ou tres días e fomos ao teatro Apolo e a ver unha película, ao Olimpia. Iso foi todo!

Carmen lembra unha simpática anécdota acontecida no día:

Os meus sogros tiñan unha vaquería [...] e a metade do banquete unha vaca púxose a parir. Así que o meu marido e outros convidados subíron as mangas da camisa e foron cara á corte... Unha vaca entón valía moitos cartos!

Para Carmen e Pepe as mellores vivencias da súa vida foron ver medrar aos tres fillos, Mari Carmen, Mari Ángeles e José Vicente. Velloos recordos de toda unha vida de parella xuntos e como dí a tía Carmen, «se hai estrelas de cine que casaron duás veces coa mesma persoa... nós con esta fixémoslo xa tres!... Ti sabes se hai máis vodas despois destas de ouro?». 6

# Las muertas de Juárez. Crónica de una larga pesadilla

## Libros

RONQUILLO, Víctor: *Las muertas de Juárez. Crónica de una larga pesadilla*, Madrid, Temas de Hoy, 2004

RAQUEL BARREIRO

A partir de 1993 a criminalidade experimentou un espectacular auxe en Ciudad Juárez, no estado de Chihuahua, na fronteira entre México e EE. UU. En particular, aumentaron de forma alarmante as desaparicións de persoas e as mortes violentas. Unha porcentaxe moi significativa das vítimas destes sucesos eran mulleres moi xoves e de condición humilde. Os sucesos saltaron aos medios de comunicación ao coñecerse a brutalidade e o ensañamento de que foran obxecto as vítimas. O mesmo esquema –sequestro, tortura, mutilacións, agresión sexual– repetíase con demasiada frecuencia para ser casual, sen que as autoridades emprendesen accións efectivas para esclarecer os feitos nin ofrecesen información precisa.

Ao cabo de dez anos de horror a situación parecía no ter cambiado substancialmente: nin remataran os crimes nin as autoridades federais e/ou estatais mostraban vontade inequívoca de atallar as causas e deter os culpábeis. Anque non hai cifras exactas, a situación é tan grave que cabe referirse a ela como *feminicidio*.

A mobilización da sociedade civil fronte ao escándalo da barbarie prolongada impunemente duran-



te una década exerceu unha presión eficaz e logrou atraer a atención internacional. Diversos organismos desprazaron persoal a Ciudad Juárez para estudar os sucesos e elaboraron extensos informes cos resultados. Á actuación da ONU seguiron as da Comisión Interamericana de Dereitos Humanos da OEA, a Comisión Nacional de Dereitos Humanos de México e Amnistía Internacional. Todos os informes coincidiron en sinalar duramente e sen paliativos a responsabilidade do Estado pola deixadez no seu deber de defender os dereitos humanos, investigar con seriedade as violacións dos mesmos, identificar e sancionar os responsábeis e proporcionar reparación ás vítimas.

O décimo aniversario propiciou a publicación de diversos libros de investigación sobre o tema por parte de periodistas da área, como Diana Washington Valdez, *Harvest of women* (2003); Sergio González, *Huesos en el desierto* (Anagrama, 2003) ou Víctor Ronquillo, *Las muertas de Juárez* (Temas de Hoy, 2004), os dous últimos editados en España.

Víctor Ronquillo desenvolveu a súa traxectoria como xornalista en diferentes medios, tanto en radio como televisión e prensa escrita, centrando o seu traballo en ámbitos relacionados coa inxustiza e a violencia social. Xa en libros anteriores, como *La muerte viste de rosa: Chiapas, la cacería de los travestis* (Edicións Roca, 1994) ou *La guerra oculta: impunidad e violencia política* (Espasa-Calpe Mexicana, 1996), achegárase a temas relacionados coa violación dos dereitos humanos, corrupción, tortura e impunidad.

A orixe de *Las muertas de Juárez* está nas investigacións que Ronquillo principiou en 1995 con motivo da preparación dunha reportaxe para televisión. Como resultado, en 1999 publica en México a primeira versión do libro que agora, ampliado, se publica tamén

en España. En palabras do autor, ao longo da súa elaboración «foi imposible non encontrarse [...] con historias de mulleres que superaban calquera forma de violencia e intolerancia que se coñecese no estado, mesmo no país» (p. 143).

Ronquillo compón un mosaico integrado por fragmentos moi diversos que actúan como impactos para a persoa lectora. A súa intención non é facer un percorrido cronolóxico polos acontecementos nin abranguer todos os aspectos da traxedia. A non linealidade na formulación do libro persegue un obxectivo claro que o autor explicita no prólogo: presentar pezas dun crebacabezas que non encaixan no entramado da versión oficial, pezas que cuestionan a actuación de policías, fiscais e do Goberno estatal e federal e converten a todos eles en sospeitosos de ineficacia, incompetencia e corrupción.

Ao longo de doce capítulos intercaláanse conxecturas e impresións persoais, extractos de informes policiais e xudiciais, escalofrantes testemuños de vítimas superviventes e de familiares de desaparecidos e vítimas, declaracións de membros da Administración de Xustiza, entrevistas con varios dos acusados, etc. Tamén se inclúe a recreación dal-

gúns sucesos significativos: crimes como o asasinato dunha prostituta á quen lle dispara desde un coche unha persoa cuberta por una máscara de Halloween; unha gran redada simultánea en varios locais nocturnos nos que os responsábeis foran advertidos previamente; o achado dunha cabana no deserto na que se atopan estraños indicios que despois desaparecen de modo inexplicable. Non hai un fio condutor entre todas estas pezas, simplemente se expoñen deixando que sexa o lector ou lectora quen saque as súas propias conclusións.

Sen embargo, a ausencia dunha formulación sistemática fai que o libro en conxunto resulte un tanto confuso. Sería útil algún apéndice documental que axudase a quen o le a orientarse na fargallada de nomes e sucesos: un breve resumo cronolóxico ou unha táboa con cifras concretas, ademais da mención precisa das fontes citadas.

Aínda así, *Las muertas de Juárez* é eficaz como repaso escueto dos sucesos, xa que polas súas páxinas circulan os principais feitos e personaxes implicados, aqueles que aparecen recorrentemente en canto documento se consulte sobre o caso: O Exipcio, O Diaño, as bandas de Os Roteiros e Os Rebeldes,

o asasinato do avogado Mario Escobedo a mans da policía en circunstancias pouco claras, o achado nun campo de algodón dos restos de oito mulleres en memoria das que se erixiron as cruces de madeira pintadas de rosa que se converteron en símbolo da barbarie de Juárez.

Non só as vítimas teñen cabida no libro, tamén as distintas partes implicadas; Ronquillo entrevista a acusados, representantes de asociacións defensoras dos dereitos humanos, membros da Administración, especialistas en psiquiatría e en investigación criminal. Iso non é obstáculo para denunciar con firmeza as torturas cometidas pola policía, o falseamento de probas inculpatórias, a negligencia con que se levaron a cabo as investigacións, o trato despectivo padecido polos familiares das vítimas, as ameazas a testemuñas e periodistas.

Mentras, a postura oficial trata por todos os medios de restar importancia aos feitos coa fin de evitar a alarma social e eludir as responsabilidades políticas. Chegouse mesmo ao extremo insultante de culpabilizar as vítimas polas súas roupas, os seus costumes, os lugares de diversión que frecuentaban ou as horas ás que acudían a estes.

Desde instancias oficiais négase de forma recorrente que o número de vítimas sexa máis elevado que noutros lugares e que os crimes estean relacionados entre si. Dá medo admitir que detrás deles podería haber asasinatos en serie provenientes ou non de EE. UU., tráfico de órganos, *snuff movies*, satanismo, guerras entre narcotraficantes. Ningunha destas hipóteses foi confirmada nin descartada.

Vicente Fox, presidente da República, declarou en agosto de 2003 que, aínda admitindo a gravidade da situación, cría que os asasinatos e desaparicións de mulleres eran un fenómeno illado e non reflectían serias deficiencias na protección dos dereitos humanos. Parece que esquecera o seu propio discurso do Día Internacional da Muller, apenas uns meses antes, no que reiteraba o compromiso do Goberno federal para pór fin aos sucesos de Juárez, que calificaba de «violencia inadmisíbel e imperdonábel» e «acto de barbarie que merece todo o noso repudio».

Aínda que é innegábel que moitos dos casos presentan características comúns que non poden ser casuais, un estudio en profundida-



de do problema debería buscar as causas da violencia nun contexto moito máis amplo que o que recollen a cotío os medios de comunicación. Estes tenden a centrar a súa atención nos casos máis escabrosos e a ignorar a opresiva situación xeral que padece a muller en todos os ámbitos, dentro dun modelo social establecido que consinte a discriminación por razón de xénero, un modelo no que son comúns a violencia no seo da familia e o acoso no traballo, lexitimando, como consecuencia, a agresión psicolóxica e física. É posíbel que exista en Juárez un asinato en serie que secuestra, tortura e mata mulleres, pero esa é só unha parte da traxedia; a outra, a que non ocupa titulares de prensa, é que a violencia contra as mulleres está xeralizada e tolerada na sociedade. É errónea a idea que os medios contribuíron a asentarse na opinión pública de que todas as mulleres asasinadas

en Juárez foran brutalmente violadas e estranguladas, cando nin sequera se trata dunha porcentaxe maioritaria. Saen á luz os casos que causan maior alarma social, pero téndese a ignorar que as estatísticas tamén as engrosan outros casos menos

*espectaculares*, os que por cotiáns non se consideran dignos de atención, os que deste modo se convirten en inexistentes.

Igual que soe aludirse ao narcotráfico, á criminalidade organizada e ás redes de prostitución, á hora de estudar o caso tamén debería tomarse en consideración un sistema económico que non representa senón a cara escura da globalización coas súas peores consecuencias: deslocalización, establecemento masivo de maquiladoras, emprego precario e de baixo custo, nula responsabilidade social das empresas transnacionais cara á xente traballadora, emigración desde as deprimidas áreas rurais cara aos núcleos urbanos, emigración ilegal desde México a EE. UU. E, en definitiva, desestructuración social e unha discriminación por razón de xénero tan fundamentada na sociedade que implica unha flagrante desprotección das

Boletín  
de subscripción




# andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

mulleres. Unha discriminación tan asumida que conduce á sospeita inevitábel de que a estas mortes non se lles concede a atención que merecen porque *só* se trata de mulleres.

A finais de 2004 aínda non existe un estudio en profundidade sobre o por qué das mortes de Juárez. O Estado non só non emprende unha investigación seria, senón que nin sequera reuniu un arquivo exhaustivo sobre unha traxedia cuxa resolución debería ser considerada unha prioridade nacional. Pasaron máis de dez anos e seguen sen coñecerse as causas, sen determinarse culpabilidades e sen que se puxesen en marcha medidas efectivas que acaben coa sucesión de crimes.

Fronte á pasividade das autoridades, a mobilización da sociedade civil, que non está disposta a tolerar a impiedade que alimenta a perpetuación da barbarie. Non esquezamos que foron os familiares das vítimas, en especial as súas nais, as que lograron atraer a atención internacional sobre Juárez. É obriga de todas e todos non calar e esixir xustiza. 

Nome .....

Apelidos .....

Enderezo .....

Localidade .....Código Postal .....

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº .....

Prezo: *Tarifa normal*  15 € ano

*Tarifa de apoio*  16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancária á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data .....

Bco/Caixa .....Oficina .....

Localidade .....

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade .....Oficina .....

Dc .....Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome .....

Apelidos .....

Sinatura do/a titular da conta:



# Hay algo que no es como me dicen. El caso de Nevenka Fernández contra la realidad

## Libros

MILLÁS, Juan José: *Hay algo que no es como me dicen. El caso de Nevenka Fernández contra la realidad*, Madrid, Santillana, 2004.

NSC

Parecía cuestión pasada. Un episodio desafortunado, sen mais, pero non. Non se trata deso.

No pobo de Ismael Álvarez, alcalde que foi de Ponferrada até que a súa silla comezou a moverse pola denuncia que en marzo de 2001 lle puxo Nevenka Fernández, concelleira de Facenda e Comercio por acoso sexual (condenado en sentenza firme polo Tribunal Supremo o 17/11/2003), os próceres do PP, partido ao que pertencen uns e outros queren dar o seu nome a un local cívico-social. O nome de Ismael Álvarez, porque se supón que consideran que a condena por acoso sexual (e o acoso sexual mesmo) cometido sobre a súa concelleira son miudezas, tonterías, cuestións sen importancia (igual que se expresou aquí en parecidos termos don Manuel Fraga cando o *episodio* do alcalde de Toques).

Esta foi unha moi interesante historia que apareceu nos xornais e logo deixou de aparecer: Unha xoven concelleira de Facenda e comercio, do PP, denuncia ao alcalde, do PP por acoso sexual.

Para quen seguimos o caso, sentimos vergoña propia e allea cando o PP de Ponferrada repartiu milleiros de escritos de catro folios polos buzóns dos veciños empa-



droados na localidade facendo crer que Nevenka era unha chiflada, unha *niñata* provocadora con intencións de afundir a un home cabal e político de pro. Vergoña cando o cantautor Amancio Prada, tan sensible e amante de poetas que denunciaban realidades inxustas... asinaba escritos de apoio a Ismael Álvarez. Vergoña cando o PP promoveu manifestacións de adhesión e apoio ao seu ex alcalde; vergoña cando Ana Botella, unha das mulleres moi influentes do PP naquelas alturas, loubaba a actitude impecable do acosador sen ter unha soa palabra de solidariedade para a vítima e desde logo vergoña, cando o xuíz García Ancos se permi-

tiu a licencia de tratála no xuízo como se Nevenka fose a culpable en troca da vítima.

De todo isto e mais fala o moi interesante por moitas razóns libro de Millás. O xeito de organizar o libro logo de terse metido na terrorífica historia do acoso padecida por esta muller, que tivo a desgracia principal de ser xoven, preparada profesionalmente, atractiva e inxenua e ir caer como os fermosos peixes de cores, nun acuáριο chea de peixes negros.

É simbolicamente moi ilustrativo o capítulo do acuáριο que os pais de Nevenka tiñan na súa casa e que a rapaza, de adolescente, gustaba observar. Unha peixeira chea de peixes negros que van comendo a trozos aos peixes de cores. Así, o Concello de Ponferrada, di Millás: «Cando viaxei a Ponferrada e coñecín de perto a atmósfera moral do Axuntamento, pareceume que era un microcosmos de peixes negros nos que fora caer inocentemente un peixe de cores» (p. 46).

Moi esquematicamente algunhas cuestións que se poden tirar do libro:

Nevenka, como todas as vítimas de acoso, ficou paralisada, sen posibilidade de defenderse.



Ela tarda moito tempo en caer na conta do que lle pasa. A lectura do libro de Marie France Hirigoyen –a biblia en materia de acoso– resúltalle revelador porque describe con exactitude o que ela sentia que lle pasaba.

Como todas as vítimas de acosos, se sinten soas.


A normalidade a representa, neste caso con toda claridade, o acosador, a quen xente influente loubra, milleiros de manifestantes o apoian, lle fan homenaxes, chámano para ler o pregón das festas do seu pobo e agora pretenden darlle o seu nome a un centro cívico-social..., mentres a acosada ten que se exiliar porque non lle dan traballo ao saber que denunciou a un alcalde malia ter unha preparación profesional e un curriculum brillante para a súa idade e ademais, é a ela a quen lle preguntan por qué non se defendeu, porque non fixo isto ou aquilo en lugar de lle preguntar ao acosador por qué acosou.

O libro tamén nos confronta con ideas moi espalladas sobre esta cuestión: as nosas desconfianza ou receos se a persoa acosada non é «unha pobre vítima indefensa»: unha nena, unha muller desvalida... Non, Nevenka é xoven, gua-

pa, intelixente, ambiciosa... ¿Como pode ser acosada? Algo faría para... ou outras expresión que manifestan que non acabamos de crernos que isto non so sucede con moita mais frecuencia da que imaxinamos, senón que, ademais, pode sucedernos a calquera.

Millás, que pasou moitas horas falando con Nevenka para construír o seu libro, nos aproxima ás consecuencias para a vítima dun proceso deste tipo e, é aterrador: Cómo se pode matar sen mancharse as mans, sen deixar rastro. Ese pracer tan espallado e que presenta graos tan distintos e tan diferentes intensidades: o de humillar aos nosos semellantes.

En fin, mais cousas se poden encontrar no libro ao longo de 21 capítulos que nos aproxima, e moito, a un proceso de acoso e derribo concreto, con nomes e apelidos, con seres de carne e óso, pero que tamén nos dá azos para achegarnos ás persoas que sofren acosos ou procesos de vitimización semellantes, para gañar sensibilidade e poder entender, para saber que de situacións así tamén podemos saír e para adquirir a claridade de que isto pode pasarlle a calquera persoa que dea cun acosador ávido de poder.

O mellor é lelo, porque ademais do dito, o fenómeno do acoso non é tan raro nen está tan lonxe de nós. En intensidades distintas, eso que se ven chamando *mobbing*, na Administración Pública, din as estatísticas que o padece un 33%. Quizais a experiencia de Nevenka poda sernos útil. Experiencia que chega a nosoutros gracias á sensibilidade e traballo de Millás e sen ningún xénero de dúbidas, gracias ao coraxe e valentía de Nevenka Fernández. 

# Axenda

## Puntos de venta

### A Coruña

- Librería Couceiro.** Praza do Libro, 12
- Librería Xiada.** Avd. de Fisterra, 76-78
- Librería Lume.** Rúa Fernando Macías

### Pontevedra

- Librería Michelena.**  
Rúa Michelena, 22
- Librería Paz.** Peregrina, 29

### Santiago

- Librería Couceiro**  
República del Salvador, 9
- Librería Pedreira**  
Rúa do Home Santo, 55
- Baba.** Área Central
- El Kiosko.** Praza de Galicia

### Ourense

- Livraria Torga.** Rúa da Paz, 12



**Jorian**  
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 563 677



**AQUANOVA**  
viajes

Benito Corbal. 16  
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

## ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE

### A Coruña

- Centro de Información dos Dereitos da Muller**  
Polígono de Elviña (zona de Birloque s/n). Tel.: 981 282 044

### Santiago

- Servicio de Asesoramento das Mulleres Concellería da Muller**  
Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.  
Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461
- Centro de Información dos Dereitos da Muller. Alecrín**  
Horario: 9:30 a 1:30 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Galeras, 13-3º oficina 6. Tel.: 981 573 913
- Centro de día para mulleres protitutas**  
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Galeras, 13, 3º-E. Tel.: 981 554 115

### Vigo

- Coordinadora Feminista de Vigo**  
Colon 9. Entrechán, oficina 4. 36201 Vigo. Tel.: 986 220 464
- Alecrín**  
**Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca**  
Horario: 10 a 1:30 / 4 a 8 h. de luns a venres.  
García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8  
Tel.: 986 439 459
- Centro de día para mulleres prostitutas**  
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Elduayen, 23-1º. Tel.: 986 224 193
- Centro xove de saúde sexual e anticoncepción**  
Horario: 10 a 1:30 / 5 a 8 h. de luns a venres.  
Rúa Lugo, 2-1º. Tel.: 986 443 246
- Casa da Muller**  
(Centro Municipal de Asesoramento dos Dereitos da Muller)  
Rúa Romil, 20. Tel.: 986 293 963
- Plataforma de Madres en Acción**  
Pizarro, 53-5º D. Tel.: 986 417 976

### Vilagarcía de Arousa

- Asamblea de Mulleres de Arousa**  
Doctor Carus, 7 – Oficina-G. Ed. León XII

### Pontevedra

- Asesoría Xurídica Mulleribus**
- Asamblea de Mulleres de Pontevedra**  
Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028  
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.
- Xanela.** Apartado 90. 36810 Redondela

### Ourense

- Asociación Galega da Muller**  
Apartado 679

### S.G.I.

- Servicio telefónico de asesoramento gratuito. Tel.: 900-400 273





# Françoise Sagan

Françoise Sagan (cuxo verdadeiro nome era Quoirez) naceu en Cajarc (Franza) o 21 de xuño de 1935. Depois de abandonar o bacharelato, e con só 18 anos, escribe a súa primeira novela, *Bonjour Tristesse* (Bon día, tristura). Desta obra vende mais dun millón de exemplares nun ano, iniciando así unha carreira de enorme éxito literario.

Mais alá da súa laboura literaria, Sagan foi unha personaxe polémica adicta ao alcohol, amante da velocidade e afeizoada a gastar o muito diñeiro que posuía nos casinos ou mercando os coches desportivos das grandes marcas. Todas esas filias levárona a varias curas de desintoxicación, a un grave accidente de coche e a varias condeas por tráfico de drogas e evasión de impostos, unha delas ao verse implicada no «escándalo Elf».

Os últimos anos da súa vida pasounos Françoise mui enferma e arruinada: tivo que vender a súa casa e ser aloxada polos seus amigos en París. Faleceu aos 69 anos, vítima dunha embolia pulmonar, no hospital de Honfleur na costa normanda o 24 de setembro de 2004.

Os temas principais da súa obra son o amor, a tristura e a melancolía. Algunhas das súas novelas son: *Un certo sorriso* (1956), *¿Gosta de Brahms?* (1959), e *As maravillosas nubes* (1961). No teatro estreouse con *Os violíns ás veces fan estragos* (1961) e *O cabalo esvaecido* (1966). Escrebeu tamén relatos históricos como *Querida Sarah Bernhardt* (1985) e unha autobiografía *As miñas respostas* (1984).